

B.Avr. XLI-XLII 43-91

INDUMENTARIA FEMININA DO SÉCULO XVI NO CAMIÑO DE SANTIAGO.

NOTAS SOBRE O CÓDICE D-945 DO MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

Bieito Pérez Outeiriño*

Con estas consideracións sobre a moda feminina no século XVI vinha unha singular e levemente para Olga Gallego, que tanto se ocupou e preocupou do papel da muller na historia e a quen apreciei e admirei ao longo de tantos anos.

RESUMO / ABSTRACT:

O presente artigo ten como obxectivo dar a coñecer, a xeito de avance, un pequeno código que contén un conxunto de debuxos de indumentaria feminina datable na primeira metade do século XVI, obra ao parecer dun anónimo viaxeiro ou peregrino de orixe francesa, que forma parte dos fondos do Museo das Peregrinacións e de Santiago. O interese deste pequeno libro é dobre xa que, ao lado da importancia para o estudo da indumentaria feminina renacentista da parte máis setentrional da península Ibérica, figura o feito de que tales representacións se correspondan co percorrido de dúas das máis importantes vías de peregrinación que constitúen o Camiño de Santiago, como son o Camiño Francés e o Camiño Norte ou da Costa.

The goal of this article is to introduce, as a preview, a small codes that contains a set of drawings of female's clothing dated to the first half of the sixteenth century, made, apparently, by an anonymous traveler or pilgrim of French origin, that is part of the collection of the Museum of Pilgrimage and Santiago. The interest of this small book is twofold, since together with the importance for the study of Renaissance female's clothing of the northern part of the Iberian peninsula, there is the fact that these representations correspond with the route of two of the most important pilgrimage routes that constitute the Route of Santiago de Compostela or St. James' Way, the French Way and the Northern or Coastal Route.

PRESENTACIÓN DO CÓDICE

Entre os fondos que forman a colección do Museo das Peregrinacións e de Santiago (en adiante MDPS) figura inventariado co número D-945, un código de titularidade da Xunta de Galicia con representacións de indumentaria feminina. Nestas liñas pretendemos facilitar un avance do seu estudo, para dar a coñecer a

* Museo das Peregrinacións e de Santiago, Rúa de San Miguel, 4. 15704, Santiago de Compostela, direccion.mdperegrinacions@xunta.es.

súa existencia entre os especialistas e público en xeral e engadir un exemplar máis ao selecto elenco de mostras orixinais que se conservan de indumentaria renacentista.

En efecto, o códice forma parte dun reducido grupo de exemplares elaborados no século XVI co claro obxectivo de documentar para difundir aspectos curiosos aos que se ten acceso maioritariamente como consecuencia de viaxes, tan frecuentes nesa época. A súa finalidade orixinaria sería a de satisfacer unha xeneralizada necesidade de coñecer o mundo, os seus territorios e as súas xentes. Recóllense elementos que contrastan con aqueles aos que o viaxeiro está afeito a contemplar na súa contorna máis próxima. Son aspectos que a miúdo chaman a súa atención e que tamén provocarían o interese e a curiosidade do futuro "lector". Moitos destes debuxos, realizados tanto do natural como reproducidos doutros precedentes, servirían de ilustración de narracións sobre costumes e curiosidades documentadas en territorios diversos. En boa medida, serían usados como modelo para a confección de pranchas de impresión para a realización de gravados cos que ilustrar determinadas traballos e estudos que, ao longo do século XVI eran tan frecuentes por toda Europa e atopaban unha importante demanda por parte dunha clientela humanista con ganas de ampliar o seu coñecemento sobre o mundo no que vive e sobre os exóticos territorios que agora sabe que existen pero dos que aínda descoñece case que todo.

Entre os aspectos que espertarían a curiosidade allea figuraría a indumentaria autóctona, tanto a masculina como a feminina, dos distintos territorios xa coñecidos e dos que se acaban de incorporar por mor dos importantes e abundantes descubrimentos que, por esas décadas, se estaban a levar a cabo. Tamén figuran na mesma categoría as vistas de cidades que tanto proliferan nesta época¹ e igualmente a elaboración de detalladas cartografías, cada vez máis precisas e exhaustivas, que se nutren moitas veces de fresca información propiciada directamente por navegantes e descubridores². A cartografía suporía tamén un recurso de

¹ A obra máis salientable neste sentido saíra á luz nos últimos anos da centuria anterior, trátase do *Liber Chronicarum*, coñecida como *Crónica de Nuremberg* ou *Schedelsche Weltchronik*, escrita por Hartmann Schedel (1440-1514). A primeira edición aparecería en latín en 1493 e ben pronto sería seguida da versión en alemán a finais do mesmo ano. Moitas das imaxes contidas nesta gran publicación impresa son as primeiras que se coñecen dun importante número de cidades. A gran calidade das xilografías fixo que moitas delas se imprimisen aparte e se distribuisen, iluminadas en ocasións por acuarelistas.

² Como consecuencia do descubrimento do novo continente, sería preciso introducir importantes modificacións conceptuais e técnicas na elaboración da cartografía que se acomodasen á nova concepción do mundo. A iso contribuíría tamén o redescubrimento que se fai de Ptolomeo. Neste

gran utilidade para o puxante comercio marítimo que se desenvolvería por estes anos. As representacións gráficas de todas estas tres categorías que acabamos de sinalar acadarían no século XVI un momento de gran esplendor chegando a realizárense verdadeiras obras mestras, tanto no que se refire a manuscritos como traballos impresos ategados de suxestivos gravados moitas veces coloreados a man. Estamos ante o que se ven denominando "literatura para ver" que serviría para achegar, dun xeito fácil e contundente, unha información moi detallada servíndose para iso prioritariamente da imaxe. Unha boa e suxestiva imaxe transmitiría unha información precisa, agradable e fácil de aprehender e que resultaría máis atractiva se ademais ao debuxo se lle engadía unha estudada policromía.

O pequeno códice que agora presentamos é un manuscrito completo constituído por un total de 56 páxinas resultantes da adición de 14 bifolios en pergameo en formato octavo menor que aparecen dobremente paxinadas na parte superior en todas as páxinas, mediante caracteres arábigos a tinta con pluma, repetindo a numeración que coincide en todos os casos³. Mide 150 x 100 mm. e presenta un moi bo estado de conservación.

O pergameo é fino, de cor amarelada, moi uniforme e carente de defectos, manchas ou roturas. Ofrece pegadas do paso do tempo con restos de sucidade, algún alombamento nalgunha das páxinas e outras evidencias do seu uso manifestadas en rozaduras e manchas que nalgún caso afectan lixeiramente á policromía das figuras. Os bifolios están todos eles pregados coa parte de pelo cara fóra e coa de carne para dentro, que é a que aparece cosida para a encadernación. Carece de portada ou outro elemento no que puidese figurar calquera referencia escrita sobre o título, o autor ou información complementaria. Tampouco figuran

sentido, a *Carta de Marear* de Juan de la Cosa (ca. 1450-1510), publicada en 1500, suporía ese punto de encontro entre a tradición dos portulanos e a nova cartografía renacentista que vai deixar de ter como referencia a Italia para se trasladar aos Países Baixos. Destacaría aquí a obra cartográfica de Mercator (1512-1594) que empeza a aparecer na década dos 30, para, a partir de 1578, comezar coa publicación do seu propio atlas, como unha versión de Ptolomeo, sendo prosseguida á súa morte polo seu fillo Rumold. O outro gran representante sería o propio Abraham Ortelius (1527-1598) coa obra *Theatrum Orbis Terrarum*, editado en Anvers en 1570. A vinculación de Ortelius coa corte de Filipe II (foi nomeado o seu cartógrafo oficial) facilitoulle o acceso a valiosos coñecementos proporcionados por exploradores e navegantes españois e portugueses. Este proxecto de Ortelius atoparía o seu complemento na incomparable colección *Civitates Orbis Terrarum*, do cartógrafo Franz Hogenberg (1540-1590) e editada por Georg Braun (1541-1622) en Colonia a partir de 1572, con máis de medio milleiro de atractivas láminas.

³ Unha das paxinacións aparece lixeiramente esvaída o que tal vez precisaría que se realizase unha nova de refresco que ocuparía, nas páxinas pares, a parte superior central e, no caso das páxinas iluminadas (páxinas impares), procuraríase, na maioría das ocasións, situarse na parte superior dereita.

páxinas iniciais nin finais. Logo das gardas, intercálase unha folia de cortesía para dar paso directamente ao corpo da obra constituído polas 56 páxinas en pergameo xa citadas, ofrecendo unha estrutura simétrica ao final do libro.

A encadernación está realizada en plena pel marroquín con decoración xeométrica reproducindo series de rectángulos concéntricos e pequenos xerros florais gofrados nos ángulos, todo en ouro. O lombo, con costelas, decórase con motivos xeométricos a xeito de casetóns con estrelas de puntos en ouro inscritas. Os cantos da encadernación retócanse con burelado de pequenos motivos xeométricos en ouro. Pola súa banda os cantos do libro aparecen igualmente acabados en ouro. Trátase dunha encadernación que responde a modelos franceses, datable a principios do XVII, que tal vez sexa coetánea da segunda paxinación que presenta o libro.

As ilustracións dispóñense nas páxinas impares, permanecendo as pares en branco. Trátase en todos os casos de representacións de personaxes femininos en solitario ocupando a parte central da folia e lucindo unha indumentaria tradicional executada con minuciosidade e gran precisión de detalles perceptibles en cada un dos elementos integrantes e evidenciando o dominio da técnica do debuxo e da iluminación complementaria. Os perfís e os detalles están realizados a pluma con tinta conseguindo un debuxo fino, preciso e delicado que se traduce en figuras dotadas en moitos casos dunha gran expresividade. A iluminación está realizada a base de tempera, acuarela e ouro, aplicada con mesura e en ocasións mesmo cun evidente preciosismo que consegue efectos que son produto dun gran dominio técnico. As texturas e a decoración dos tecidos, o volume e o movemento da vestimenta son debedores en boa medida dos efectos da policromía, como tamén o son outros complementos da indumentaria, dun xeito particular as escasas e sinxelas xoias que locen algúns dos personaxes femininos representados e que se conseguen mediante a aplicación de finas pinceladas de ouro, que a veces resultan case imperceptibles. Conséguese dar forma a unhas figuras bastante rotundas, con perfís claros que non deixan de suxerir o aspecto que terán os gravados da época. A pesar da súa individualización, adoptan xestos e posturas con expresividade que foxen do hieratismo. Non hai retratos individualizados xa que se trata en todos os casos de representacións arquetípicas, tal e como acostuma ser o máis habitual neste tipo de repertorios nos que, sen embargo se representan nalgúns ocasións persoas concretas⁴.

⁴ No caso concreto de Weiditz soamente 4 dos máis de 150 personaxes representados aparecen identificados. Non obstante debuxos como os de Nicolo Nicolay entre outros aparecen en boa medida con identificación das persoas representadas.

Cada unha das 28 mulleres recollidas no códice aparece de pé sobre unha pequena "illa" ou "peaña" de terra en verde, a veces enriquecida con elementos vexetais, e que suple a ausencia de calquera tipo de fondo. Todas terman dun cartel escutiforme de perfís mixtilíneos con fondo azul cobalto sobre o que se dispón, en capitais cadradas executadas en ouro o texto en francés indicativo da localidade de procedencia e, se é o caso, da súa extracción social ou mesmo posición cultural⁵.

Os topónimos identificados corresponden á península Ibérica, agás dous que son localidades francesas⁶, e dispóñense ao longo do Camiño de Santiago marcando o percorrido de dúas das súas principais vías como son o Camiño Francés e o Camiño do Norte ou da Costa⁷. Varias das localidades citadas é a primeira vez que aparecen referenciadas nunha recompilación de indumentaria e non volverán aparecer en ningunha outra.

É factible establecer unha vía de entrada en España e outra distinta de saída cara Francia. Non existe, non obstante, ningún tipo de ordenamento lóxico na secuencia dos debuxos, que parecen estar dispostos dun xeito aleatorio, sen respectar unha orde nin xeográfica nin alfabética nin tampouco tipolóxica en relación cos modelos de indumentaria representados⁸. Esta circunstancia parece confirmar que a elaboración definitiva dos debuxos sería un traballo posterior de gabinete onde se procesarían os apuntes tomados do natural, sen dúbida en papel, sen respectar unha orde secuencial das localidades citadas.

⁵ Nun único caso (Fig. 13 pág. 25) non aparece ningún topónimo e utilízase o termo "LA ROMERE" moi suxestivo para encadear os lugares que aparecen ligados a un camiño de peregrinación.

⁶ Son as representacións identificadas polos textos "A LA MOUTADE" (Fig. 7 pág. 13) que debe corresponder coa localidade de La Moutade (Puy-de-Dôme), e a de "A S^t. IEHAN DV LYS" (Fig. 14 pág. 27) que se corresponde con San Xoán de Luz, no País Vasco francés, preto da fronteira con España.

⁷ Soamente a localidade de Aguilar (de Campoo) fica fóra destas dúas rutas de peregrinación aínda que nunha importante vía de comunicación entre a meseta e o mar a través de Santander. Doutra banda a localidade de Villanueva de las Carretas, fica suficientemente preto do Camiño Francés nas proximidades de Burgos como para contemplalo fóra da ruta e tal vez lle habería que outorgar a consideración de "nos arredores de Burgos", criterio que utiliza o autor noutras representacións deste mesmo códice. A distancia entre Villanueva de las Carretas e Burgos rondaría as 5 leguas, pero en liña recta, polas localidades de Tamarón e Iglesias e antes de chegar a Hontanas, non distaría máis de 2,5 leguas do Camiño Francés. En calquera caso a localidade de Villanueva de las Carretas atoparíase tamén noutra importante vía de comunicación que uniría Valladolid coa capital burgalesa.

⁸ A combinación de figuras nos distintos bifolios que compoñen o corpo do libro anula a posibilidade de establecer unha secuencia lóxico na ordenación das láminas con vistas a poder suxerir un percorrido lineal e ordenado. Unha hipotética organización do códice en cadernifios de dous, tres ou máis bifolios non proporcionaría unha solución satisfactoria a esta cuestión.

A relación da serie de debuxos que forma o códice é a que se enumera a continuación:

Nº ORDE	LECTURA	TRADUCCIÓN	PÁX.
1	IDE AVIPRES DE S' ANDR	De preto de Santander	1
2	EN PANPELONE	En Pamplona	3
3	ENTRE S' IAQVES ET S' SALVATOR	Entre Santiago e San Salvador (Oviedo)	5
4	A S' IAQVES	En Santiago	7
5	DE AVPRES S' SALVATOR	De preto do San Salvador (Oviedo)	9
6	EN PENPELONE	En Pamplona	11
7	A LA MOVIADÉ (MOVIADÉ)	¿¿En La Moutade (Puy-de-Dôme)??	13
8	A S' VINCEN	En San Vicente (de la Barquera)	15
9	LES HIDALCHE DE S' SEBASTIEN	A(s) fidalga de San Sebastián	17
10	D S' SALVATOR	De San Salvador (Oviedo)	19
11	LES SERVATE DE VILLAGE HORS DE PENPELONE	A(s) serventa de pobo fóra de Pamplona	21
12	A VILLE NEVVE LES CARETTES	En Villanueva de las Carretas	23
13	LA ROMERE	A romeira	25
14	A S' IEHAN DV LVS	En San Xoán de Luz	27
15	DE ERTERE	De Rentería	29
16	LES MARCHA DE PANPELONE	A(s) mercadeira de Pamplona	31
17	AV MONT SIENOR DE LES NIVE	En Nata Señora das Neves ?	33

18	DE PONTARABI	De Fontcarrabi (Hondarribia)	35
19	DE LERREDE	De Laredo	37
20	DE AGILAR	De Aguilar (de Campoo)	39
21	DE AGILAR	De Aguilar (de Campoo)	41
22	A LA GROINNE	En Logroño	43
23	LA SERVANTE EN PÂPELONE	A serventa en Pamplona	45
24	A PONTFARRADE	En Pontferrada	47
25	AV QVAR LIV DE S' ANDRE	A catro leguas de Santander	49
26	A VILLE FERARE	¿En Vila Ferare?	51
27	A QVATRE LIVS DE S' ANDRE	A catro leguas de Santander	53
28	LES SAIGE FAME DI PENPELONE	A muller ilustrada de Pamplona	55

A maioría dos topónimos que se citan non ofrecen maiores dúbidas para a súa identificación actual. En ocasións a propia relación que se pode establecer co resto do conxunto suxire ou reforza algunha das propostas. Tal é o caso da fig. 8 (páx. 15) co texto: "A S' VINCEN" que hai que identificar con San Vicente de la Barquera (Cantabria) ou mesmo a fig. 15 (páx. 29) co texto "DE ERTERE" que debe pertencer con toda seguridade á localidade guipuscoana de Rentería (oficialmente e en euskera Errenteria)⁹. A redución de "San Salvador" a Oviedo tampouco supón ningunha dificultade neste contexto. Se ben podería corresponder a múltiples localidades hispanas, incluso no propio Camiño de Santiago (por exemplo San Salvador de Ibañeta), o certo é que desde a Idade Media se utiliza para referirse á capital asturiana. Por se fose pouco, o texto que porta a fig. 3 (páx. 5) "ENTRE S' IAQVES ET S' SALVATOR", eliminaría calquera tipo de dúbida ao respecto.

⁹ Rentería sería coñecida ao longo da historia baixo distintas denominacións entre elas, as de *Errenteri* e *Errenderi*, parece que tiñan un maior peso.

Non podemos deixar de expresar certas dificultades sobre o topónimo que ostenta a fig. 7 (páx. 13) que ofrece unha lectura dubidosa: "A LA MOVIADÉ" ou "A LA MOVTADÉ"¹⁰, que coidamos, non obstante, poder identificar con La Moutade, pequena localidade francesa do departamento da Auvernia (Puy-de-Dôme), moi preto de Clermont Ferrand.

No tocante á fig. 17 (páx. 33) "AV MONT SIENOR DE LES NIVE", resulta difícil e ariscado adscribila a unha localidade en concreto, pois trátase dunha denominación moi imprecisa que pode corresponder a múltiples localidades, non soamente hispanas senón incluso de fóra da península. Esta advocación mariana orixinada en Roma en época ben temperá, espallárase amplamente por Italia e tamén por España onde existe multitude de santuarios, parroquias, ermidas ou accidentes topográficos dedicadas á Nosa Señora das Neves, e son varios os que se sitúan en localidades próximas aos Camiños de Santiago de que andamos a falar.

Hai un último caso que precisaría tamén dun estudo máis polo miúdo de fontes documentais para procurar e propoñer unha atribución precisa. Trátase da fig. 26 (páx. 51) coa lenda "A VILLE FERARE". Nunha primeira aproximación, e centrándonos exclusivamente no ámbito dos dous camiños aos que nos estamos a referir, habería a posibilidade de que se tratase de distintas localidades sen que poidamos pronunciarnos cun mínimo de seguridade acerca de ningunha delas¹¹.

Resulta tamén salientable o feito de que todas as representacións correspondan a personaxes femininos. En moitos dos repertorios conservados valórase e salientase o dimorfismo sexual evidenciado na maneira de vestir, do mesmo xeito que se representan individuos de distintas condicións sociais, étnicas ou culturais.

¹⁰ O signo do *suposto* "I" non presenta os resgos horizontais de todo claros, ao contrario do que ocorre nos outros textos nos que figura tal grafema.

¹¹ Unha das localidades candidatas pode ser Villafra de Burgos que é citada por Arnold von Harff, no relato da peregrinación que levou a cabo a Santiago de Compostela nos últimos anos do século XV como "*Villa ferris*": "*Item de Burgis a Villa ferris, un pueblo, (hay) 11 leguas. Item de Villa ferris a Robena (Rubena), un pueblo, (hay) 1 legua*". Seguimos o texto de: HERBERS, K.; R. PIOTZ. *Caminaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al "fin del mundo"*, Santiago de Compostela, 1999, páx. 230. Tamén cunha denominación semellante: "*Vileforat*", parece referirse Nomparr II, na súa crónica da peregrinación que realizou en 1417 a Santiago de Compostela, para denominar a actual localidade, tamén burgalesa, de Belorado e que sitúa, no seu camiño de regreso, antes de chegar a Santo Domingo da Calzada: "*De Burgos a Vilefranco VIII leguas. De Vilefranco a Vileforat II leguas. De Vileforat a Santo Domingo III leguas*". *Ibidem*, páx. 69. Finalmente, coa denominación de "*Villafereire*" ou "*Villafereir*", parece referirse Arnold von Harff á pequena localidade de Pereirinha, nas inmediacións de Arzúa, en dirección a Compostela: "*Item de Riudis a Ursowe (Arzúa), una aldea (hay) 1 legua. Item de Ursowe a Villafereire, una aldea (hay) 1 legua. Item de Villafereire a la Triksa, una aldea (hay) 11 leguas*". *Ibidem*, páx. 228.

Ainda que a indumentaria masculina da época presentaba unha maior diversidade que a feminina tal vez por ese illamento da muller que aínda era patente, causa non obstante esta última unha maior atracción entre os debuxantes e recompiladores de traxes da época.

Soamente nun reducido número de ocasións se fai referencia á condición social ou cultural das mulleres seleccionadas no códice do MDPS, algo que estaría en consonancia coa estruturación social da época pois non se pode agochar a situación que lle correspondía á muller, cunha importante desigualdade en comparación co home, nunha época na que, se ben se aprecian avances substanciais na valoración de certos aspectos en relación coa Idade Media, aínda non se acadou unha efectiva rotura cos preceptos ditados pola filosofía escolástica que reservaba para as mulleres un papel relegado a un plano secundario e propiciando un claro predominio masculino co conseguinte sometemento real ao varón, xa fose pai, marido ou irmán. Esta concepción, baseada nunha longa tradición, ficaría máis arraigada aínda en lugares afastados dos centros culturais ou mercantís e en especial faríase máis evidente no ámbito rural sometido en boa parte a unhas regras atávicas e onde o varón exerce a súa autoridade sen contar coa muller máis que para certas cuestións domésticas. O analfabetismo e a carencia de formación era unha condición habitual entre a poboación española da época e tiña unha meirande incidencia entre ao sector feminino. En contadas ocasións mulleres pertencentes aos estamentos máis acomodados da nobreza ou da burguesía dispuñan dunha instrución que lles permitía ler e escribir e nunha reducida porcentaxe desempeñar profesións liberais, iso si, sempre coa correspondente autorización e tutela masculina¹².

Por iso non ha de estrañarnos que se pretenda destacar o nivel cultural naqueles casos en que é factible, tanto de maneira implícita, aínda que suficientemente patente, como sucede no caso da fig. 25 (páx. 49) "AV QVAR LIV DE ST ANDRE", que, sen alusión ningunha ao seu estatus cultural, indica un nivel alto ao colocar un libro no seu brazo dereito, ou xa dun xeito máis explícito como sucede no caso da fig. 28 (páx. 55) "LES SAIGE FAME DI PENPELONE", que, aparte da indicación textual, refórzase este estatus mediante a colocación doutro libro na súa man esquerda.

¹² Ao respecto parece procedente citar un parágrafo de Olga Gallego ao que se di: "*En España as mulleres podían ser rainhas, rexentes, gobernadoras, pero non podían exercer cargos municipais, aínda que si podían transmitir os seus fillos varóns. A muller non tiña acceso os centros de ensino superiores. Estaban desposuídas da condición de primoxénitas a favor dos irmáns máis xoves. A muller solteira estaba sometida á tutela do pai de por vida e, se estaba casada, á do marido. A mesma tutela debía someterse a administración dos seus propios bens*" (GALLEGO DOMÍNGEZ, O. *Historia da muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII*, Ourense, 2008, páx. 17).

Noutro caso, fig. 9 (páx. 17) represéntase unha moza donostiarrá que se nomea "fidalg", "LES HIDALCHE DE S^t SEBASTIEN", facendo referencia a unha condición social distinguida, independentemente de que se trate da nobreza máis baixa e carente de calquera título, pero que tería ao seu alcance posibilidades, tanto económicas como culturais, que non poderían imaxinar as dúas representantes do servizo doméstico identificadas na capital navarra e na súa contorna: fig. 11 (páx. 21) "LES SERVÂTE DE VILLAGE HORS DE PENPELONE" e fig. 23 (páx. 45) "LA SERVANTE EN PÂPELONE". Ambas as dúas se diferencian do resto das mulleres da colección por seren as únicas en levaren a cabeza ao descuberto ao tempo que visten as saias máis curtas. No que respecta ao nivel económico e baseándose nos textos identificativos que acompañan as figuras, soamente se pode intuír unha representante dun estamento acomodado na fig. 16 (páx. 31) "LES MARCHA DE PANPELONE", que representa a unha "mercadeira" ou "comercianta" pamplonica.

Outros resgos que poderían achegar información sobre a filiación social das mulleres representadas podería extraerse tal vez dun estudo máis polo miúdo da vestimenta, pero non é un obxectivo marcado para o presente artigo. Simplemente sinalar, por exemplo, que a utilización dos "chapíns" é distintivo de mulleres distinguidas e que na nosa colección se limita a tres representantes da cidade de Pamplona¹³ e á identificada como "romeira"¹⁴.

A HIPOTÉTICA RECONSTRUCCIÓN DUNHA VIAXE A COMPOSTELA

Xa se indicou que os topónimos identificados poden vincularse con dous dos percorridos do Camiño de Santiago: o Camiño Francés e o Camiño do Norte. Tal circunstancia non parece ser un feito casual e xulgamos que é consecuencia do percorrido dun itinerario por un viaxeiro ou peregrino desde Francia, posiblemente a súa patria de orixe, ata Compostela, utilizando un camiño de ida e outro distinto de volta. Os debuxos, tomados do natural con todo luxo de detalles, serían completados, organizados e ultimados de maneira definitiva en gabinete, sen respectar unha orde xeográfica lóxica nin calquera outro tipo de ordenación obxectiva. Igualmente se dotarían dos textos identificativos en francés nos que se aprecian certas dúbidas ou erros de escritura.

¹³ Dunha delas non se indica nada sobre a súa condición: fig. 6 (páx. 11) e as outras dúas son a "mercadeira" e a "muller ilustrada": fig. 16 (páx. 31) e fig. 28 (páx. 55) respectivamente.

¹⁴ Fig. 16 (ibíd. 25).

Non se pode desbotar a idea de que a colección inicialmente estivese formada por un maior número de ilustración que, de coñecérmolas, poderían achegar maior información sobre o verdadeiro itinerario seguido polo debuxante na súa viaxe ata Santiago de Compostela, pasando por outro importante centro de peregrinación como é Oviedo, que recibe a moitos peregrinos ansiosos de contemplaren as ricas reliquias que se custodian na Cámara Santa do Salvador.

Cos datos de que dispomos non é doado ofrecer unha dirección para esta viaxe de ida e volta que se deduce da contemplación das láminas do códice, labor que se ve aínda máis dificultado por esa falta de ordenación secuencial que se aprecia e á que xa nos referimos. Non obstante podería ser factible unha entrada desde Francia, proveniente tal vez de La Moutade ata acadar unha das vías principais do percorrido galo do Camiño de Santiago, tal vez a Via Podense, e adentrarse na península Ibérica ata situarse en Pamplona para dirixirse a Santiago e logo retornar por algunha das alternativas ata Oviedo e tomar de seguido a vía clásica pola costa cántabra e vasca ata San Xoán de Luz. Se ben debemos ser conscientes de que os argumentos para defender este percorrido son pouco contundentes, non soamente en relación co enclave francés de La Moutade que podería ser tanto o inicio como o final da viaxe, ou ningunha das dúas cousas, senón tamén na dirección do percorrido de ida e volta desde Francia ata Compostela.

Para preferir esta proposta baseámonos no texto da cartela da fig. 3 (páx. 5) do códice onde se pode ler: "ENTRE S^t IAQVES ET S^t SALVATOR" que pode estar dando unha pista neste sentido pois parece indicar que o personaxe feminino representado correspondería a unha localidade indeterminada localizable "logo de Santiago e antes de Oviedo". Parece haber que entender que o debuxante xa pasou por Santiago de Compostela e se encamiña en dirección á capital asturiana. Tal circunstancia suporía a realización do percorrido adiantado: Camiño Francés ata Santiago de Compostela e regreso polo Camiño do Norte ata San Xoán de Luz.

Así pois, Pamplona sería a primeira cidade hispana, consonte o códice, na que o noso debuxante se detería a tomar notas para o seu catálogo de indumentaria feminina e acapara un total de seis representacións. Dúas delas non ostentan máis que a indicación do lugar: "En Pamplona", transcrito nun caso "EN PANPELONE" e no outro "EN PENPELONE". A primeira¹⁵ aparece representada de costas e cun tocado braneo corniforme con lazada solta que cae por detrás. Leva vestido¹⁶

¹⁵ Fig. 2 (páx. 3).

¹⁶ Neste caso, e no sucesivo, o termo "vestido" utilízase como xenérico de roupa e sinónimo de "traxe feminino". Podería ser equivalente ao termo castelán "saya" co que se designaba a prenda de vestir composta dun corpo alto e dunha parte baixa a volta da falda.

vermello con mangas sobre o que porta unha roupa¹⁷ azul de forro dourado recollida pola traseira cun lazo, de medias mangas amplas e con colo á valona. Pola súa banda a segunda¹⁸, en posición frontal, cubre a cabeza cunha alta cofia branca plisada e que se prolonga cunha gola. Saia¹⁹ inferior en azul, sobresaía vermella, ambas con ribetes en ouro, gonete²⁰ amarelo e verde con fita desta cor marcando o talle, rematado en escote amplo e redondeado, mangas en ouro rematadas en discretos puños. Encima veste unha roupa semellante á da figura anterior, pero sen colo e con forro negro, que tamén recolle na parte traseira cunha lazada. Mandil estreito en azul con decoración de bandas de ovas e listas horizontais. Adorna o seu pescozo cunha cadea con medalla en ouro. Calza uns característicos chapíns.

As outras dúas mulleres pamplónicas representadas son "serventas" e por este motivo son as únicas da colección que levan o cabelo ao descuberto sen ningún tipo de tocado²¹. En ambos os dous casos aparecen representadas de costas.

¹⁷ O termo "roupa" refírese a calquera prenda de vestir, pero dun xeito específico ao "sobretudo" que, tanto homes como mulleres, poden levar por encima da demais vestimenta, aínda que pode ir debaixo doutras prendas de abrigo. Pertence á familia da capa, vai aberta por diante e leva mangas amplas e maioritariamente curtas. Ao respecto cf. BERNIS, C. *Indumentaria española en tiempos de Carlos V*, 1962, pág. 101. TEJEDA FERNÁNDEZ, M. *Glosario de términos de la indumentaria regia y cortesana en España. Siglos XVII y XVIII*, Madrid, 2006, págs. 420-422).

¹⁸ Fig. 6 (pág. 11).

¹⁹ O termo galego "saia" utilízase como equivalente da "basquiña" ou "falda" en castelán e non debe ser confundida coa "saya", para mulleres, ou co "sayo", para homes, que en castelán designarían unha prenda de vestir de corpo enteiro e non, como sería neste caso, da parte baixa do corpo a partir da cintura, acepción que sería tamén a máis habitual entre a indumentaria popular. Usamos "saia" e "sobresaia" para designar a habitual superposición destas prendas femininas consuetudinarias de que habitualmente se confeccionan as prendas interiores cunha variada serie de denominacións específicas: refaixo, enagua, "faldilla"...

²⁰ O "gonete", do italiano *gona* (saia) é a prenda do corpo feminina con mangas que chega ata por debaixo da cintura, semellante ao "corpiño", pero para levar a corpo e non interiormente, aínda que na indumentaria popular o termo "corpiño" aplícase á prenda para vestir a corpo. O "gonete" é semellante ao "sayuelo" ou "seyño" pero máis curto, e tería unha certa equivalencia co "xibón" masculino. Estivo moi de moda en España entre finais do século XV e principios do XVI. Ao respecto cf. BERNIS, C. *Indumentaria española... Op. cit.*, págs. 91-92.

²¹ Son múltiples as prohibicións que se estableceron desde a Idade Media para restrinxir o acceso ao luxo na vestimenta para os estamentos menos poderentes e frear tamén os excesivos gastos improdutivos dos colectivos máis afortunados. Entre os primeiros figuraban os campesiños, os xudeus e mouriscos. Tamén as mulleres de reputación pouco clara, coñecidas como "mundarias" etc., que, segundo a época e a área xeográfica de que se tratase, se lles obrigaba a levar certos distintivos e, na maioría dos casos, debían levar o cabelo ao descuberto, sen ningún tipo de tocado.

A primeira delas²² identifícase co texto: "LES SERVÂTE DE VILLAGE HORS DE PENPELONE", luce unha melena solta organizada en bucles que caen sobre os ombreiros. Adopta unha posición forzada, veste saia de tons azuis cinentos con ribetes en ouro que deixa ver a metade inferior das pernas, sobre elas un vestido vermello de forro verde que recolle por un lado e que axusta á cintura cunha fita en ouro, mangas en "farolño" e amplo colo á valona amarelo ribeteado en ouro. Calza borceguíns negros. A segunda²³ leva no escudo a lenda: "LA SERVANTE EN PÂPELONE", ofrece melena curta e veste unha saia azul recollida polos lados deixando ver a parte inferior das pernas, mangas en vermello con brillos de ouro igual que o colo en valona e, encima, leva unha roupa en amarelo da feitura que xa comentamos para outras mulleres de Pamplona, con ribetes en azul no rodo e nas mangas. Calza borceguíns, e enfeita as orellas cuns pendentes sinxelos.

Un quinto personaxe feminino da capital navarra leva na cartela o texto: "LES MARCHA DE PÂPELONE"²⁴. Cubre a cabeza cun curioso gorro negro triangular a xeito de tricorno e protexe o pescozo cunha gola branca. Veste unha roupa talar de tons lavanda con liñas de ouro no rodo, nas mangas e na parte alta, colo redondo e mangas perdidas que permite ver as da prenda inferior, abertas, polas que asoman as brancas da camisa. Calza borceguíns azuis con chapíns en ouro. Finalmente, a muller identificada co texto: "LES SAIGE FAME DI PENPELONE"²⁵, cubre a cabeza cun curioso tocado branco a xeito de disco, con pano lateral que cae ás costas e ampla gola, todo en branco, ampla roupa talar en negro con mangas curtas e amplas ribeteadas en ouro. Debaixo, mangas de boca ancha tamén en negro con forro dourado que deixan ver a parte final das mangas interiores vermellas, abertas e axustadas no puño. Calza borceguíns vermellos con chapíns negros. Sostén na man esquerda un libro en azul e ouro.

A capital navarra é unha das cidades máis importantes do Camiño Francés. Dotada desde finais do século XI dunha infraestrutura para acoller peregrinos, foi foco de atracción para estranxeiros, francos fundamentalmente, que se asentarian nos seus arrabaldes. Por ela pasa a ruta que entra por Roncesvalles, á que veñen confluír os itinerarios que percorren o norte e o centro de Francia (nomeadamente a Vía Tirolense, a Lemovicense e a Podense). Aparece citada

²² Fig. 11 (pág. 21).

²³ Fig. 23 (pág. 45).

²⁴ Fig. 16 (pág. 31).

²⁵ Fig. 28 (pág. 55).

en numerosas ocasións no Liber Sancti Iacobi baixo a forma Pampilonia²⁶, pero en momentos, tanto anteriores como posteriores e máis próximos aos da presenza do noso anónimo debuxante, rexístranse distintas variantes que se incrementan cando se trata de estranxeiros que teñen máis dificultades para transcribir correctamente calquera topónimo hispánico²⁷. Como exemplo próximo abonde con observar as dúbidas expresadas na denominación de Pamplona no presente códice.

A segunda cidade que quedaría reflectida nesta colección de indumentaria feminina na viaxe de ida cara Compostela sería Logroño²⁸. Desá cidade, importante enclave do Camiño Francés, deixaría a curiosa imaxe dunha muller que leva no colo un cativo ben envolto e atado sobre unha estrutura rectangular construída con catro paus cruzados. No escudo leva o texto: "A LA GROINNE"²⁹. Cubre a

²⁶ ANGUITA JAÉN, J.M. *Estudio sobre el Liber Sancti Iacobi. La Toponimia Mayor hispana*. Santiago de Compostela, 2000, espec. 419-424.

²⁷ Nompár, no seu itinerario de ida a Santiago citaas como *Pampalone*, entre *Rossonhe* (Larra-soaña) e *Pont le Roine*, e no de regreso, entre Burguete e esta última localidade (HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron...* Op. cit., páxs. 65 e 69 respectivamente). Na crónica redactada por Hans Rietter (posiblemente a finais do XVI ou principios do XVII) sobre a peregrinación levada a cabo por Sebald Rietter en 1462, seguindo unha tradición familiar, fai referencia a esta cidade co nome de *Pampelon* (Ibidem., pág. 80). *Pampillon* é a denominación que lle dá o cabaleiro suabo Jorge Ehingen na súa obra autobiográfica que conta a peregrinación a Compostela e que titularía *Viajes á procura do ideal da nobreza* (Ibidem., pág. 100). Como *Pepelonie* e *Pompelonie* aparece citada no relato de Hermann König (Ibidem., páxs. 200 e 209 respectivamente). Pola súa banda Arnold von Harff utiliza o termo *Pampalonia* (Ibidem., pág. 219).

²⁸ Fig. 22 (pág. 43).

²⁹ O topónimo "Logroño" mostra múltiples variantes, sobre todo, como no caso anterior, cando está transcrito por estranxeiros. Con frecuencia considéranse como un termo composto polo substantivo precedido do artigo, polo que non é raro que apareza escrito de forma separada, como é o noso caso, e ademais en feminino. No Liber Sancti Iacobi figura como *Grugnus*, pero outras formas son documentadas en época medieval: *Lveronum*, *Lveronio*, *Logroin*, *Logronio*, *Gronio*, etc. (ANGUITA JAÉN, J.M. *Estudio sobre el Liber...* Op. cit., páxs. 276-280). No itinerario inglés elaborado posiblemente a finais do século XVI, pero publicado en 1625 por Samuel Purchas, denomínase "the Gruon" (VÁZQUEZ DE PARGA, I.; J.M. LACARRA; J. URÍA RIUS. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, Madrid, 1949, t. I, pág. 216). Nompár II, no relato da súa peregrinación denomínase como *[La] Grunh*, situándose na viaxe de ida a Compostela entre Los Arcos e Navarrete, mentres que á volta cita Nájera e Los Arcos, (HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron...* Op. cit., páxs. 65 e 69). Herman König von Vach, na edición de 1495 da súa viaxe denomina esta cidade como *Grünningen*, e indica: "Tras dos millas encuestras una ciudad que se llama Grünningen, esta es la primera ciudad de España. En románico su nombre es Logrona", (Ibidem., pág. 201). Pola súa banda Arnold von Harff refírese a Logroño como *La grunea* e encárgase de destacar a súa situación como a primeira cidade que se atopa o peregrino pertencente a España (refiréndose ao reino de Castela igual que fixera König). Di concretamente: "Item de Viomas a La grunea (Logroño), una ciudad del rey de Hispanien (Ray) i Legua. Aquí se pasa a caballo sobre un puente de piedra. El río se llama Ebro. Aquí termina el reino de Navarrien y en la ribera de la orilla opuesta comienza el territorio de Hispanien". (Ibidem., pág. 21, de onde tomamos o texto).

cabeza cun tocado branco en corno con pregado frontal que se prolonga cunha pecheira da mesma cor, que oculta pescozo e parte do peito. Veste saia en tons lavanda ata os pés e sobresaia vermella ribeteada ambas as dúas en ouro no rodo, gonete verde de escote cadrado e con mangas rematadas en puño e axustado con banda negra resaltando o talle. Mandil a xogo coa saia con bandas de ovas, rombos e listas horizontais e con flocos.

Logroño ve medrar a súa importancia en relación co Camiño de Santiago logo da súa incorporación á coroa de Castela por Afonso VI en 1076. A súa estra-téxica situación para o control do paso do Ebro e a súa condición de cidade fron-teiriza entre o reino de Navarra e o de Castela fixo desta cidade un punto clave para os peregrinos xacobeos, razón pola que pronto se dotaría das infraestruturas necesarias para a atención dos camiñantes e de enfermos.

O seguinte fito viría dado pola representante de Villa Nueva de las Carretas³⁰. Vista de costas, cubre a cabeza cun tocado corniforme con pregado frontal que se prolonga cun rebozo e cun amplo pano que cae polas costas. Veste saia lila con liñas horizontais en ouro, sobresaia verde con forro vermello con augas doura-das, gonete vermello cinguido con fita azul, mangas abombadas nos ombreiros e abertas, deixando ver a manga brancas da camisa. Na cartela pódese ler o texto: "A VILLE NEVVE LES CARETTES".

Se ben esta localidade non fica estritamente no Camiño Francés, emprázase non lonxe da capital burgalesa e máis preto aínda do itinerario xacobeo como para poder considerala situada "nos arredores de Burgos"³¹, e nunha importante vía de comunicación que uniría esta cidade con Valladolid.

Neste percorrido teórico cara Santiago de Compostela, atopámonos con outra localidade que estaría fóra da ruta máis tradicional. Trátase de Aguilar de Campoo, no norte da provincia de Palencia. Son dúas as mulleres correspondentes a esta localidade e en ambos os dous casos portan idéntica referencia na cartela: "DE AGILAR". A primeira delas³² cubre a cabeza cun tocado branco corniforme con pregado frontal. Veste dobre saia, branca a inferior e lila a superior, con ribetes en ouro, gonete dourado de amplo escote cadrado pespuntado e con fino encaixe, axustado á cintura con dobre banda verde e azul resaltado con ouro. Mangas brancas e amplas na parte superior e amarelas e abertas no resto deixando ver

³⁰ Fig. 12 (pág. 23).

³¹ Cf. Nota 7.

³² Fig. 20 (pág. 39).

as da prenda inferior, tamén en branco. Mandil vermello decorado a bandas con ovas e listas horizontais e flocos. Completa a súa indumentaria cun par de finas cadeas de ouro.

Pola súa parte, a segunda muller desta localidade palentina³³, luce unha alta toca a xeito de capirote truncado cuberto con velo que tapa o pescozo e veste saia azul, sobresaia vermella, ribeteada ambas as dúas en ouro no rodo, e un gonete verde de amplo escote cadrado e axustado na cintura. Mangas vermellas borra-chas que deixan ver as da camisa en branco. Sobre os ombreiros unha "mantilla" en lila con ribete en ouro. Mandil en ouro con bandas de listas horizontais e verticais alternas e rematado en flocos.

Sabido é, e ao respecto non fai falta máis que dar unha ollada aos relatos de peregrinacións³⁴ para decatármolos diso, que con frecuencia moitos peregrinos se desvían do considerado itinerario "oficial" para percorrer outros alternativos e visitar localidades diferentes das tradicionalmente recollidas nas guías ou relatos-rios máis habituais da literatura odepórica.

Aguilar de Campoo sitúase igualmente noutra ruta importante que uniría a Meseta Norte con Santander, proporcionándolle unha saída ao mar a estes territorios interiores. Esta vía de comunicación, que aprobeitaría en boa medida o val do Pisuerga desde a súa desembocadura nas inmediacións de Tordesillas ata adentrarse no Alto Campoo, enlazaría o Camiño do Norte co Camiño Francés³⁵.

A posible conexión entre esta localidade palentina e a que se podería considerar como a seguinte, xa en territorio leonés, tería diversas alternativas. Sería posible retornar á ruta principal facendo uso da vía antes citada ou, bordeando as estribacións dos montes Cantábricos, dirixirse cara León ou cara os territorios máis occidentais da provincia, percorrendo o que se ven denominando Camiño da Montaña que conectaría Bilbao coa comarca do Bierzo pasando por Aguilar de Campoo, aproveitando o trazado de antigos itinerarios.

³³ Fig. 21 (páx. 41).

³⁴ Abonda con consultar algunhas das viaxes recollidas por exemplo en: GARCÍA MERCADAL, J. *Viajes de extranjeros por España y Portugal. Desde los tiempos más remotos hasta comienzos del siglo XX*. (4 tomos), Salamanca, 1999. HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron... Op. cit.*

³⁵ Existe unha ruta coñecida como "Camiño do Besaya" que, partindo de Santander e pasando por Torrelavega, Reinosa, Aguilar de Campoo, etc., enlazaría, en Carrión de los Condes, co Camiño Francés. Na actualidade ten máis personalidade como un produto turístico que como verdadeira vía de peregrinación.

Ponferrada sería a seguinte localidade que se atoparía no seu percorrido polo Camiño Francés. A muller representada nesta localidade ofrece un curioso tocado corniforme cun rebozo que tapa parcialmente o pescozo. Dobre saia, vermella a inferior e azul a superior con liñas de ouro, gonete vermello de amplo escote cadrado ribeteado en negro e axustado á cintura con banda amarela e negra. Mangas brancas e amplas nos ombreiros e abertas e de cor ouro no resto deixando ver as da camisa. Completa o seu vestiario cun par de aros de considerable tamaño colgando das orellas e cunha cadea de ouro con medalla sobre o peito. Coa man dereita terma da cartela coa lenda: "A PONTFARRADE"³⁶.

A capital do Bierzo comeza a tomar peso en relación co Camiño de Santiago ao se construír nas súas veciñanzas, a finais do século XI, unha ponte para cruzar o río Sil e facilitar dese xeito o camiño dos peregrinos³⁷, e figura co nome de Pons Ferratus como unha das localidades citadas no Códice Calixtino polas que descorre o Camiño de Santiago³⁸. Con diversas denominacións refírense tamén a ela distintos peregrinos ao longo da historia³⁹.

O seguinte fito neste hipotético percorrido levaría ao noso debuxante a Santiago de Compostela, meta dunha das tres grandes peregrinacións cristiás, que no século XVI seguía a exercer un gran atractivo para todo tipo de viaxeiros de Europa e fóra do continente para visitar o sepulcro do apóstolo Santiago o Maior que, se non o principal, si que suporía un dos obxectivos marcados na axenda da anónimo debuxante autor desta colección de ilustracións sobre indumentaria feminina. O principal itinerario de chegada de peregrinos a Compostela era o

³⁶ Fig. 24 (páx. 47).

³⁷ Esta ponte, coñecida como *Pons Ferratus*, *Ponte Ferrato* ou con algunha outra variante segundo se ategan á normativa máis purista do latín ou se adentren nas formas romances que prefíren o xénero feminino, considérase que foi erguida por Osmundo, bispo de Astorga entre 1082 e 1096, e daría nome á localidade próxima asentada entre os ríos Sil e Boeza.

³⁸ ANGUIA JAÉN, J.M. *Estudio sobre el Liber... Op. cit.*, espec. 430-432.

³⁹ Nompar II no relato da súa peregrinación sitúa Ponferrada xa en Galicia e denomina *Pont Ferrado*: "Gualicie. De Ravamello a Pont Ferrado VIII leguas. De Pont Ferrado a Cacanelhos III leguas" (HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron... Op. cit.*, páx. 67). Hermann König, na edición de 1495, refírese a ela como *Bonforat* (ibidem, páx. 206). Pola súa banda Arnold von Harff denomina *Munferat*: "Item de Molina zeka a Munferat (Ponferrada) (hay) I Legua. Es una villa con una robusta fortaleza y una gran producción de vino. Item de Munferat a Campo danarea (Camporara), un pueblo (hay) II Leguas" (ibidem, páx. 226). Finalmente, Sebald Otel, de Nuremberg, que peregrinou a Santiago en 1521, refírese a esta cidade como *Pungferade*. "Desde allí [O Acebo] hasta Ponferrada hay 2 millas, costamos 3 reales" (ibidem, páx. 240).

Camiño Francés, pero outras vías cara ao norte, cara ao sur e mesmo cara a ponente, completaban o camiño proveniente do leste e posibilitaban a circulación de peregrinos que desembarcaban en portos galegos do Cantábrico e do Atlántico, peregrinos que subían desde Portugal e outros que ían ou viñan de visitar Fisterra, centro con gran peso que exercía unha curiosa atracción sobre moitos peregrinos que non sempre se movían por criterios estritamente espirituais e moito menos relixiosos e canónicos.

O debuxante presenta en Santiago de Compostela unha muller cun alto tocado branco de forma troncocónica que non se pode considerar corniforme stritu sensu (aínda que adopta unha configuración moi semellante), suxeito por unha banda vermella e ouro que se cruza a xeito de aspa, con reboso ou pecheira curta que tapa o pescozo. Veste saia dourada e mandil verde e encima unha loba negra de escote redondo con aberturas que deixan asomar unhas mangas vermellas borrachas que permiten ver as da camisa inferior de cor branca⁴⁰. Coa man esquerda suxeita a cartela co texto "A S^t. IAQVES"⁴¹.

A ilustración correspondente á Santiago de Compostela é a que nos sitúa máis a occidente de toda a colección recollida no códice, razón pola que, desde un punto de vista lóxico, hai que pensar no camiño de regreso do noso debuxante que partiría en dirección a Oviedo, seguindo algunha das alternativas que se lles ofrecían aos peregrinos xacobcos que visitaban os santuarios destas dúas importantes cidades de peregrinación, cunha vinculación tan estreita desde o momento

⁴⁰ Fig. 4 (páx. 7).

⁴¹ Esta ilustración ten pouco que ver coa que se ven considerando como a primeira representación dunha muller compostelá, é dicir a estampa reproducida por François Deserps na súa obra *Recueil de la diversité des habits que sont de présent en usage tant en pays d'Europe, Asie, Afrique et îles sauvages, le tout fait après la nature*, publicada por vez primeira en 1562 en París, e que figura recollida no folio F3 da edición de 1564 titulada: *La femme de cōpostelle*, acompañada do texto en verso: *Femme que est du lieu de Cōpostelle / Ne va jamais sans porter son chapeau / et son habit est d'une façon telle, / je ne sçay pas s'il vous semblera beau*. A muller representada neste caso cóbrease cun amplo manto, leva a cabeza tocada cun sombreiro de aba ancha e calza uns chapíns. Curiosamente será o modelo que reproducirá Cesare Vecellio en *Degli habiti antichi et moderni di diverse parti del mondo*, impresa por primeira vez en Venecia en 1590 e que denomina *Matrona di Gallia*. A mesma estampa, gravada nesta ocasión por José Camarón, aparecerá recollida en *Colección de trages que usaron todas las naciones conocidas hasta el siglo XV, diseñados por el gran Ticiano Vecellio, y por Cesar su hermano*, impresa pola Calcografía Nacional en 1794, como reedición da xa citada obra de Vecellio, e leva por pé: *Las Matronas de Galicia usavan el manto de paño ó seda y la vestidura de damasco ó brocado*, reproducindo parcialmente o comentario que aparece nas edicións máis antigas de Vecellio.

mesmo do descubrimento do sepulcro de Santiago o Maior. No caso de seguir polo Camiño do Norte, desandaría un treito do Camiño Francés ata chegar a Arzúa para logo dirixirse cara Sobrado dos Monxes, Mondoñedo, Lourenzá e introducirse en Asturias preto da costa. No caso de escoller o denominado Camiño Primitivo, chegaría ata Melide polo Camiño Francés, desviándose en dirección a Lugo, para proseguir cara Castroverde e internarse en Asturias logo de atravesar por terras da Fonsagrada. Calquera outra vía alternativa sería tamén posible.

Antes de se achegar a Oviedo, sen poder precisar se en terras galegas ou xa en territorio asturiano, realizaría un novo debuxo no que representa a unha muller cun tocado bilobulado branco atado cunha fita dourada con lazada na parte superior. Veste tripla saia, lila, dourada e verde a exterior con rodos resaltados en ouro, gonete dourado con escote cadrado e axustado con banda verde, mangas azuis abertas e ribeteadas con botóns en ouro, que deixan ver as da camisa, brancas, e mandil en vermello con bandas de ondas e trazos verticais. Adorna o pescozo con dúas finas cadeas de ouro. Sostén coa súa man dereita a cartela co texto: "ENTRE S^t IAQVES ET S^t SALVATOR"⁴².

De Oviedo figuran dúas ilustracións; unha das veciñanzas e a outra da propia cidade. No primeiro dos casos, a muller representada⁴³ luce un curioso tocado corniforme con pregado frontal que ata ao pescozo deixando caer un pano desde a caluga polas costas. Veste dobre saia, lila e verde a exterior, gonete azul de escote cadrado completado con encaixe, e axustado con faixa amarela e fita negra, rematado con flocos en ouro, mangas abertas en vermello con brillos en ouro que deixan ver as brancas da camisa. Adorna o pescozo con dúas cadeas, unha curta e a outra longa con medalla e no brazo esquerdo leva unha pulseira. Coa man dereita terma da cartela co texto: "DE AVPRES S^t SALVATOR".

En canto á segunda das ilustracións ovetenses⁴⁴ representa a unha muller cun amplo e curioso tocado branco a xeito de turbante coa parte dianteira erguida, saia azul e sobresaia lila, gonete en vermello con amplo escote cadrado con encaixe, axustado á cintura con banda vermella e negra. Mangas de camisa refucadas no cóbado e mandil acastañado con decoración de bandas de rombos e listas en horizontal. Luce un par de arracadas de forma triangular con vértice para arriba, cadea con medalla colgada ao peito e pulseiras en ambos os dous brazos. No escudete que suxeita coa man dereita figura o texto: "D S^t SALVATOR".

⁴² Fig. 3 (páx. 5).

⁴³ Fig. 5 (páx. 9).

⁴⁴ Fig. 10 (páx. 19).

San Salvador de Oviedo, antiga capital do reino ástur, contaba cun interesante conxunto de reliquias conservadas no interior da Arca custodiada na Cámara Santa obxecto de gran devoción que motivaría o nacemento dunha peregrinación que sería a segunda en importancia da península Ibérica na Idade Media. A peregrinación xacobeá contribuíría dun xeito rotundo ao fortalecemento da urbe ovetense⁴⁵, constituíndo un dos enclaves de maior interese para moitos peregrinos a Compostela e sendo incluso obxecto de competencia directa coa peregrinación xacobeá. Ao respecto abonde con citar o dito tan común que reza: "*Quien va a Santiago y no visita al Salvador, va a casa del criado y no visita a su señor*".

A San Vicente de la Barquera pertence a seguinte ilustración⁴⁶. Trátase dunha muller portando unha vez máis o característico tocado branco en forma de cornio con rebozo que cubre o pescozo. Veste saia verde, sobresaia dourada e encima vestido con mangas de cor azul con brillos de ouro e forro vermello a xogo co gonete con escoladura cadrada en verde que se axusta á cintura cunha fita verde con liñas de ouro e flocos. Na cartela que sustenta coa man dereita, pódese ler o escudo de texto: "A S^a VINCENT".

Esta localidade cántabra⁴⁷ sitúase nun estratéxico enclave rodeado polo mar. Contaba, cando menos desde finais do século XII, cunha barqueira para atravesar á parte oriental da ría en dirección a Santander, instalación que lle daría o seu nome ao asentamento urbano ali emprazado⁴⁸.

⁴⁵ Sobre a peregrinación a Oviedo segue sendo de gran interese o estudo de VÁZQUEZ DE PARGA, L.; J.M. LACARRA; J. URÍA RIUS. *Las peregrinaciones...* Op. cit., en especial o cap. XX do t. II onde J. Uría se refire á peregrinación a Oviedo en relación coa compostelá (páxs. 457-496).

⁴⁶ Fig. 8 (páx. 15).

⁴⁷ San Vicente de la Barquera, hoxe en Cantabria, pertencía neses momentos ás denominadas Asturias de Santillana, en contraposición ás Asturias de Oviedo que incluían os territorios máis occidentais. Cf. GÓMEZ TABANERA, J.M. El tocado "corniforme" de las mujeres asturianas, *Basileus*, n.º 5, 1978, páx. 39.

⁴⁸ Desde finais do século XV, e a iniciativa dos Reis Católicos, podía atravesarse a ría mediante unha ponte que evitaba aos caminantes ir a procura dun lugar para vadear ou utilizar a barca que xa funcionaba a finais do século XII, instalación que era utilizada nesa época para o paso de peregrinos tal e como se indica no documento da abadía de Santillana del Mar que dá conta do feito de que o presbítero Pedro levantara unha "*barquería cum sua ecclesia in honore Sancte Dominice ut peregrinis et pauperes viduis, orphanis, oppressis, divites et nobiles habeant egressum in ipso flumine et egressum, ut omnes confratres et homines peccatores habeant remissionem omnium peccatorum*". Cf. VÁZQUEZ DE PARGA, L.; J.M. LACARRA; J. URÍA RIUS. *Las peregrinaciones...* Op. cit., t. II, páx. 528 ss.

A seguinte localidade que figuraría neste hipotético itinerario fica sen poder identificar con precisión. Dúas láminas corresponden a senllos personaxes femininos identificados como "A catro leguas de Santander" e poderíase supoñer que se trataría dunha localidade antes de chegar á capital cántabra, distante dela catro leguas⁴⁹, e unha terceira é identificada tamén nas proximidades da capital cántabra.

Na súa viaxe de volta pola ruta máis setentrional do Camiño de Santiago, parece bastante posible que desde San Vicente de la Barquera, pasando pola actual Comillas, se dirixise cara a Santillana del Mar⁵⁰, desandando un camiño utilizado por moitos peregrinos xacobeos. A ruta introduciríase máis cara ao interior por cuestións orográficas en dirección a Barreda, Requejada, Bárcena de Cudón, etc., para proseguir logo cara Santander. En calquera das localidades citadas, empezando por Santillana, puido contemplar as dúas novas indumentarias.

Tampouco se pode desbotar a posibilidade de que se tratase dunha localidade a catro leguas de Santander en dirección leste, seguindo un camiño que tal vez pasase por Langreo, Galizano, Meruelos, etc., en dirección a Santoña para atravesar a cascada por Colindres e proseguir a súa viaxe.

A primeira das representacións⁵¹ presenta a unha muller cun tocado alto de cor lila suxeito mediante un cruzado en fita de ouro. Veste saia vermella e sobresaia dourada recollida á altura da cadeira por unha atadura non visible, con ribeteado en ouro no rodo, gonete vermello de escote cadrado completado con encaixe axustado marcando o talle e mangas amplas de boca ancha. Enféitase cuns pendentes, unha cadea cun xoiel ao peito así como un par de pulseiras en cada pulso. Co brazo dereito suxeita un libro encadernado en verde cos cantos en ouro, salientando a súa condición cultural. Na cartela que sostén coa man esquerda presenta o texto: "AV QVAR LIV DE S^a ANDRE".

⁴⁹ Se un a legua, en canto medida de lonxitude, conta con valor fixado aínda que distinto en cada área territorial e cambiante co paso do tempo, acostuma a utilizarse dun xeito aproximado para medir distancias entre lugares e, en realidade non se pode esquecer que a miúdo a súa utilización responde ao valor atribuído inicialmente, é dicir, a distancia que unha persoa pode andar nunha hora. Deste xeito, o valor da legua castelá de 5.000 varas (+/- 4,190 Km.) ou o que adoptará no XVI de 20.000 pés (entre 5,473 e 5,914 Km.), non deixa de ser aproximativo.

⁵⁰ A súa localización como enclave de peregrinación remontaríase á alta Idade Media cando se levantara un establecemento relixioso para custodiar as reliquias de Santa Xuliána. Os monarcas casteláns apoiaron este centro fundando unha colexiata que acadaría gran poder co paso do tempo.

⁵¹ Fig. 25 (páx. 49).

A seguinte ilustración acada un perfeccionismo técnico que supera ás restantes⁵². A muller representada cubre a cabeza cun curioso tocado en azul suxeito mediante o cruzado dunha fita dourada anoadá á súa esquerda e cun rebozo que tapa o pescozo. Leva un amplo vestido en granate que chega ao chan, gonete azul con escote cadrado e axustado marcando o tallo cunha dobre banda azulada e vermella, mangas amplas axustadas ao puño e resaltadas con liñas de ouro. Sobre o resto da vestimenta leva un blusón longo ata os xeonllos e de escote cadrado, confeccionado en gasa que deixa translucir toda a demais indumentaria mediante unha efectista veladura de gran calidade técnica. Sobre o peito unha cadea cun xoiel. Na cartela lese o texto "A QVATRE LIVS DE S^t ANDRE".

A terceira das figuras vinculadas a Santander ofrece dificultades para a correcta lectura da súa cartela pero consideramos que é de preto da capital cántabra⁵³. Representábase a unha muller montañesa co tocado corniforme branco con pregado frontal e anoadá pola parte da caluga de onde colga unha pecheira que tapa completamente o pescozo e o escote. Veste saia en lila e sobresaía dourada cubrindo boa parte do corpo cun amplo manto vermello con finas liñas de ouro que recolle cara á parte traseira. As mangas (vese a dereita) de idéntica cor coa saia inferior, son abertas deixando ver as brancas da camisa, e axústanse ao pulso. Coa man dereita terma do escudo no que aparece o texto [DE AV]PRES DE S^t ANDR⁵⁴.

A seguinte localidade da que temos referencia é Laredo. A muller representada⁵⁵ luce un curioso tocado branco corniforme completado cunha fita que se deixa caer sobre a parte dianteira, e cun rebozo co que cubre o pescozo. Saia dourada e sobresaía cincenta con listas horizontais en ouro e cenefa no rodo, gonete en vermello axustado con banda dourada de flocos e amplo escote cadrado completado cunha fina puntilla. Mangas amplas, posiblemente abertas, e axustadas no puño e decoradas con botóns en ouro. Completa a indumentaria cun mandil verde con listas alternas horizontais e verticais. Na cartela aparece o texto: "DE LERREDE".

⁵² Fig. 27 (páx. 53).

⁵³ Fig. 1 (páx. 1).

⁵⁴ O feito de ser a primeira ilustración do códice provocou roces que afectaron á parte superior do escudo sufrindo perda parcial do fondo de lapislázuli e o inicio do texto en ouro que interpretamos como [DE AV]PRES DE S^t ANDR.

⁵⁵ Fig. 19 (páx. 37).

A importancia mariñeira da vila de Laredo outorgoulle un papel sobranceiro xa na Idade Media. A ela chegarían por mar numerosos peregrinos xacobcos procedentes de países nórdicos para proseguir camiñando ata Compostela.

Xa en territorio vasco, a seguinte representación corresponde a San Sebastián⁵⁶. Unha vez máis, represéntase unha muller co característico tocado corniforme en branco, que se completa cun rebozo que cae sobre o peito. Veste saia de tons grises con finas listas brancas no rodo, blusa azul con listas de ouro e amplas mangas ata o cúbado e encima un curioso gonete en vermello cun pespunte perimetral e flocos na parte baixa. A continuación das mangas da blusa aparecen outras borrachas en vermello e axustadas no puño que deixan ver as da camiña inferior brancas. No escudo leva a lenda: "LES HIDALCHE DE S^t SEBASTIEN".

A súa condición de cidade e a súa posición preto da fronteira con Francia favorecerían unha posición sobranceira en relación con outras vilas do Cantábrico no relativo á pesca e tamén ao comercio, sobre todo logo da súa incorporación á coroa de Castela. San Sebastián sería tamén un enclave importante no Camiño de Santiago pola Costa para peregrinos franceses e do resto de Europa que escollian a opción máis ao poñente para atravesar a fronteira e encamiñarse cara a tumba do Apóstolo⁵⁷.

Rentería sería o seguinte destino que aparece reflectido na colección neste suposto camiño de regreso a Francia desde Compostela⁵⁸. A muller representada loce na cabeza un curioso tocado a xeito de tiara en dourado con banda en lila e da que colga un rebozo que cubre o pescozo e parte do peito a xeito de pecheira. Veste saia dourada e sobresaía vermella, gonete de cor lila axustado con faixa verde e encima unha fita negra, con amplo escote cadrado e mangas mixtas, abertas, que deixan ver os bullóns da camisa que se prolonga polos puños. Do pescozo colga unha cadea cun xoiel que cae sobre o peito. Na cartela lese o texto: "DE LERTERE" que, sen dúbida, corresponde á localidade guipuscoana de Rentería (Errenteria)⁵⁹.

⁵⁶ Fig. 9 (páx. 17).

⁵⁷ Salientase con frecuencia o paso por ela do bispo Martiros que en 1491 pasaría a pé por San Sebastián procedente de Francia. Eloxia a hospitalidade que lle brinda unha familia que incluso pediría esmola para o propio bispo. Martiros indica, sen embargo que non viu semblante fermoso (VÁZQUEZ DE PARGA, L.; J.M. LACARRA; J. URÍA RÍOS. *Las peregrinaciones...* Op. cit., t. II, páx. 504-505. *Ibidem*, t. I, 241-242. HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Cambraron...* Op. cit., páx. 136. GARCÍA MERCADAL, J. *Viajes de extranjeros...* Op. cit., t. I, páxs. 391-398).

⁵⁸ Fig. 15 (páx. 29).

⁵⁹ Esta vila guipuscoana, fundada no XIV baixo a denominación de Villanueva de Ojanco, pronto empezaría a ser coñecida con denominación de "Errenteria", en lembranza da súa condición de residencia de rendas e tributaria máis derivada da actividade mariñeira.

Por esta localidade pasaba a vía de comunicación máis habitual para unir a fronteira francesa coa cidade de San Sebastián e proseguir pola Ruta da Costa⁶⁰, aínda que algúns peregrinos que optaban pola Ruta do Interior se dirixían desde esta cidade cara Tolosa, o máis habitual, era que se desviasen xa antes de chegar a Rentería, en dirección a Oyarzun, Hernani, Tolosa, etc., para encamiñarse cara ao sur e atravesar o túnel de San Adrián en dirección a Vitoria e conectar logo co Camiño Francés en Burgos como fixera a principio dos anos vinte do século XVI Sebald Örtel⁶¹, ou ben en Santo Domingo de la Calzada, seguindo un itinerario escollido por moitos outros peregrinos xacobeos⁶².

No seu percorrido pasaría o noso anónimo debuxante pola localidade de Fonterrabía⁶³. A muller representada presenta a cabeza cuberta co tradicional tocado corniforme en branco. Veste dobre saia, vermella a interior e azulada a exterior, cos rodos ribeteados en ouro, gonete en dourado con escote cadrado completado con encaixe, que se cingue ao talle cunha banda negra. Mandil en bandas brancas e douradas de listas verticais e horizontais. Finalmente cóbrese cun manto vermello con toques de ouro que cae desde a caluga polas costas e recolle cos brazos. Na cartela aparece o texto: "DE PONTARABI".

Fonterrabía (Hondarribia) é outra importante vila vasca, porto por excelencia de Navarra antes da anexión a Castela, que tería unha actividade relevante como centro pesqueiro ao longo da Idade Media e experimentaría un desenvolvemento urbanístico case ex novo no século XVI⁶⁴. J. Luis Casado Soto considera que sería a primeira localidade peninsular que pisaría Christoph Weiditz na súa viaxe de 1529 onde debuxaría unha muller coa súa característica indumentaria⁶⁵.

⁶⁰ VÁZQUEZ DE PARGA, L.; J.M. LACARRA; J. URÍA RIUS. *Las peregrinaciones...* Op. cit., t. II, páx. 502.

⁶¹ Cf. HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron...* Op. cit., páxs. 238-250, espec. 246-248.

⁶² Ibidem, páxs. 435-456. Este mesmo itinerario faría de volta Herman Kflning von Vach para conectar coa súa *Nieder Strasse* (Ibidem, páxs. 168-213. VÁZQUEZ DE PARGA, L.; J.M. LACARRA; J. URÍA RIUS. *Las peregrinaciones...* Op. cit., t. I, páxs. 221-233).

⁶³ Fig. 18 (páx. 35).

⁶⁴ Como consecuencia do incendio ocorrido en 1498, Fonterrabía (Hondarribia oficial e en euskera) modificaría o seu urbanismo drasticamente e dotárase de novas edificacións e fortificacións que terían un papel sobranceiro nas leas entre Carlos V e Francisco I dada a súa estratéxica situación de fronteira.

⁶⁵ Cf. WEIDITZ, C. *El código de los trajes. Trachtenbuch*. Edición e estudo de José Luis Casado Nieto, Valencia, 2001, vol. II, páx. 64. Corresponde coa fig. 122 do referido código, e que se titula: "Así van las mujeres en Fonterrabía", pero que pouco ten que ver coa figura do código do MDPS, se ben mantén a característica toca corniforme e os esquemas xerais da vestimenta dos territorios da costa cantábrica nestes momentos.

Se ben o camiño máis tradicional procedente de San Xoán de Luz se dirixía a Irún (coñecida tradicionalmente como Santa María), tamén podía dirixirse cara Hendaya e conectar con Fonterrabía atravesando o Bidasoa⁶⁶.

Xa en territorio francés, figuraría a representación da indumentaria de san Xoán de Luz⁶⁷. Representa a unha muller cun tocado corniforme en branco completado cunha pecheira que lle cubre o pescozo e o peito. Veste dobre saia, azulada a inferior e vermella a superior, gonete dourado e vermello con fita verde e escote cadrado, presentando flocos nos ombreiros e na parte inferior. Mangas lavanda de boca ancha e debaixo outras vermellas axustadas no puño. Mandil en branco. Adorna as orellas cuns discretos pendentes. Porta na cartela o texto: "A S^a. IEHAN DV LVS".

A vila aquitana de San Xoán de Luz (Donibane Lohizun en euskera), sería un puxante porto de pesqueiros vascos no século XV, que xogaríase un papel importante nas liortas de Francia cos corsarios. Acadaría non obstante maior sona na segunda metade do XVII. En 1521 pasa por esta localidade Sebald Örtel peregrinando a Compostela e refírese a ela co nome de "*sant Jangdelus*"⁶⁸.

Aquí remataría a información dispoñible para tentar reconstruír o itinerario. Xa se indicou que a localidade de La Moutade podía situarse tanto na viaxe de ida como de volta, ou simplemente un enclave máis nun suposto percorrido por territorio galo. Neste caso represéntase unha muller vista de costas que cubre a cabeza cunha pucha azul rematada nunha borla, que cae polas costas a xeito de velo. Saia lavanda con cenefa en ouro no rodio e sobresaía dourada de forro verde que recolle pola esquerda e se axusta cunha correa negra con decoración en dourado; blusa vermella de mangas abertas axustadas no puño que deixan ver as brancas da camisa. Calza borceguíns. Coa man dereita terma da cartela na que se le: "A LA MOVIADÉ (MOVTADÉ)"⁶⁹.

⁶⁶ Hai referencias de diversos peregrinos que frecuentan esta cidade. Por ela pasaría Martinus, bispo de Arzundán, en dirección a San Sebastián (HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron...* Op. cit., páx. 136), e o propio Arnold von Harff, que a denomina *Fonta rari* na súa viaxe de regreso e logo de pasar por Irún: "Item de maria eruna a Fonta rari (Fonterrabía), un pueblo, (hay) l Logua. A mitad del camino se pasa por encima de un río llamado Bedia (Bidasoa), que separa el reino de Hispanien del reino de Franchkrijch" (Ibidem, páx. 231).

⁶⁷ Fig. 14 (páx. 27).

⁶⁸ Recóllese nas anotacións da súa viaxe: "Desde allí (refírese a Baiona) cabalgamos hasta sant Jangdelus, fueron 3 millas, gastamos 6 chelines. Esta es una ciudad portuaria al lado del mar, fuimos a ver los grandes navios y todo lo relativo a ella. Desde allí pasamos a caballo por un puente sobre el mar, allí tuvimos que pagar como peaje 6 peniques" (HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron...* Op. cit., páx. 246).

⁶⁹ Fig. 7 (páx. 13).

Restan finalmente outras tres mulleres cunha localización imprecisa. A primeira delas, identificada co texto: "LA ROMERE"⁷⁰, veste saia longa en tons lila que chega ata o chan e mesmo presenta unha pequena cola, sobre ela unha especie de roupiña en dourado con mangas perdidas e escote amplo e redondo. Mangas interiores en vermello abertas que permiten ver as da camisa de cor branca. O cabelo aparece recollido cun longo "tranzado" que cae polas costas e recolle co brazo esquerdo⁷¹. Ao pescozo leva unha cadea con medalla. Calza uns borceguíns negros con chapíns vermellos resaltados en ouro. Coa man dereita suxeita un floreiro cunha gran flor aberta, posiblemente usada como ofrenda, e coa esquerda terma da cartela escutiforme coa lenda xa citada.

A segunda representación cunha localización que non podemos chegar a identificar singularízase polo texto da cartela na que se pode ler: "AV MONT SIENOR DE LES NIVE"⁷². Cubre a cabeza cun amplo tocado en branco anoadado na parte superior e que se prolonga tapando a fronte e o pescozo co seu rebozo ou pecheira. Leva dúas saias, lila a inferior e vermella a superior, con finos ribetes en ouro no rodo, gonete azul de escote cadrado, axustado cunha faixa verde e unha fita en lila, mangas amarelas borrachas que deixan ver as da camisa brancas e finalmente mandil amarelo con debuxos de ovas e listas horizontais en ouro. Coa man dereita terma do escudete no que figura o texto xa indicado.

A derradeira corresponde á figura que leva no escudo o texto "A VILLE FERARE"⁷³, xa citada noutro momento⁷⁴. Cubre a cabeza cun curioso tocado corniforme branco con pregado frontal e pano que cae pola parte traseira completándose cunha pecheira na mesma cor que tapa pescozo e boa parte do peito. O corpo puntiagudo do tocado aparece dobrado e atado cunha fita cara a parte

frontal. Veste dobre saia, dourada a interior e vermella con finos ribetes en ouro a superior, gonete verde de escote cadrado e mangas abertas que deixan ver as brancas da camisa interior, cinguíndose con faixa lila e cinto vermello e ouro, con mandil pardo decorado con listas horizontais e ovas resaltado todo con toques de ouro. Sobre os ombreiros leva unha "toquilla" a xogo co tocado. Coa man dereita sostén o escudo co texto identificativo.

LIBROS DE INDUMENTARIA NO SÉCULO XVI

A elaboración e a publicación de libros sobre indumentaria constitúe unha moda que se detecta precisamente a partir do século XVI. As ganas de marcar contrastes étnicos e de reforzar a identidade cultural, onda o afán de mostrar a moda do momento no que a vestimenta se refire, farán que se incrementen considerablemente a produción de obras bibliográficas recollendo a indumentaria de distintas partes do mundo. Esta idea humanista está en harmonía con aquela outra que xustifica a existencia dos gabinetes de curiosidades onde rarezas e exotismos non fan máis que evidenciar esa diversidade que pode mostrar a natureza en todas as súas dimensións e tamén esa variedade múltiple con que se pode presentar o propio ser humano.

De entre as coleccións orixinais conservadas cumpre citar en primeiro lugar o conxunto de debuxos realizados a pluma sobre papel de fio de algodón e decorados con ténpera, acuarela e resaltes en prata e ouro, conservados no *Germanisches National Museum* de Nuremberg, da autoría de Christoph Weiditz (1500-1559)⁷⁵. Vense considerando como o libro de traxes europeo coñecido máis antigo.

⁷⁰ Christoph Weiditz, nace posiblemente en Friburgo ou Salzburgo no seo dunha familia de artistas activa desde mediados do século XV, e con importantes representantes coñecidos. Seu pai, Hans Weiditz (o vello) (ca. 1475-ca. 1516) sería un respectable escultor. Christoph está considerado como un excelente ourive, preteiro, medallista, escultor e, por suposto, debuxante. En 1519 acompañou a Carlos V na súa viaxe a España aproveitando para realizar do natural unha checa de debuxos que formarían parte do *Trachtenbuch*, xunto con algúns realizados en Italia (1529-1530) e nos Países Baixos (1531-1532). O seu álbum é, en palabras de Dietrich Bricsmeister, "una especie de repertorio e comentario gráfico que recolle as impresións e observacións de un viaxeiro a lo largo del camino por tierras de la España multicultural" (Cf. BRIESEMEISTER, D. "Sobre indios, moriscos y cristianos 'a su manera'. Testimonios pictóricos en el *Trachtenbuch* de Christoph Weiditz", *Jahrbuch für Geschichte Lateinamerikas (JbLA)*, 43, 2006, pág. 14). O interese intrínseco da obra vese incrementado por ser Weiditz o primeiro artista europeo en documentar ao vivo homes do novo continente, e polo interese en recoller os costumes dos mouriscos. Parece que un sobriño, de nome tamén Christoph (ca. 1517-ca. 1572) se encargaría de facer os retoques e esbozos elaborados polo seu tío (Ibidem, pág. 9).

⁷⁰ Fig. 13 (pág. 25).

⁷¹ O "tranzado" é unha modalidade de tocado que se usa moi frecuentemente en España entre os séculos XV e XVI. Dispón dunha coifa e unha longa trenza de tea enfeitada con fitas de cores que se entrecruzan e onde se recollen os cabelos. Ao respecto cf. BERNIS, C. *Indumentaria española...* Op. cit., pág. 19. As representacións máis antigas parecen documentarse na pintura de finais do século XIV perdurando ata finais do XVI (idem, *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos*, Madrid, 1978, pág. 42 ss. No códice de Weiditz recóllense varios exemplos de mulleres españolas co tranzado, p. e. as figuras 68r e 69r: "Así van las doncellas en Barcelona, la mayor parte con zapatos descubiertos" e "Así van las doncellas en Barcelona, vista de espaldas" respectivamente.

⁷² Fig. 17 (pág. 33).

⁷³ Fig. 26 (pág. 51).

⁷⁴ Vid. nota 11.

Os debuxos daríanse a coñecer ao gran público nunha edición preparada por Theodor Hampe e impresa por Walter de Gruyter & C^o (Berlín e Leipzig, 1927) baixo o título *Das Trachtenbuch des Christoph Weiditz von seinen Reisen nach Spanien (1529) und den Niederlanden (1531-32)*. A desorde na distribución dos debuxos no códice orixinal non sería respectada na edición de Hampe que opta por reordenalos consonte outro criterio arbitrario diferente. Esta obra sería obxecto dunha edición facsimilar en 2001 incluíndo estudos de José Luis Casado Soto e de Carlos Soler D'Hyver de las Deses⁷⁶.

A obra de Weiditz supón un documento de primeirísima categoría para o estudo, non soamente do vestiario renacentista europeo, senón como testemuño directo e temperán de costumes e tradicións de distintos grupos étnicos, incluídos os exóticos, no XVI, amerindios, así como dos mouriscos, ademais de españois, italianos e holandeses. No que se refire á península Ibérica, a obra documenta tres conxuntos de especial interese: os habitantes da costa cantábrica, os indios americanos traídos de México por Hernán Cortés, e os mouriscos de Granada. No tocante xa máis concretamente á indumentaria das rexións setentrionais da península Ibérica, e polo tanto cunha maior relación espacial co códice do MDPS, a obra de Weiditz presenta unha valiosísima colección de vestimenta, sobre todo feminina, pero non exclusivamente, de Cantabria, País Vasco e Navarra. Recolle tamén a que tal vez sexa a representación máis antiga dunha muller galega neste tipo de repertorios e que leva por texto: *Así van as mulleres de Galicia á casa das fadeiras e ao campo*, reproducindo un personaxe feminino ataviado cunha curiosa indumentaria⁷⁷.

⁷⁶ WEIDITZ, Ch. *El códice de los trajes...* Op. cit.

⁷⁷ Trátase da fig. da páx. 18 do códice, sobre a que Carlos Soler D'Hyver de las Deses se pronunciou do seguinte xeito: "El tocado de la mujer con tres husos amarillentos, la cofia blanca de la cabeza realzada en plata, collar que alterna una cuenta roja y dos grises azuladas, el medallón colgante con un cinto rojo y rodeado de perlas grises azuladas; la camisa negra (repintada posteriormente), la saya azul -realzada en oro (en las mangas) y con plata en el pecho-, cinturón rojo realzado en oro, delantal blanco realzado con plata. Calzas o medias oscuras con chaplones rojos realzados con oro. En la mano izquierda lleva un hasta amarillento que porta la rueda con cubierta cónica verde y flecos blanquescinos o, posiblemente, también verdes" (WEIDITZ, C. *El códice de los trajes*. Op. cit., vol. II, páxs. 112-113. Salienta como este prototipo aparece reinterpretado e atribuído a outras rexións: "Una mala mujer en Dalmacia" en Held (folia 259 a), "Dalmatia uxor" en F. Bertelli (Venecia, 1563, folia 32), etc. Ao respecto destaca Carlos Soler como Theodor Hempe prefere dar como válida a opción expresada por Weiditz pois considera que as demais son versións posteriores nas que resulta fácil confundir e trabucar os modelos orixinais.

Outro conxunto de debuxos aparecen recompilados no códice que leva por título *Abconterfaintung allerleih Ordenspersonen in iren klaidungen*, conservada na Kunstbibliothek de Berlín e realizada por Sigmunt Heldt entre 1560-80 en Nuremberg, pero que supón en boa medida unha copia pouco coidada da obra de Weiditz⁷⁸.

Non obstante, e pola evidente relación co exemplar do MDPS, hai que salientar os códices sobre indumentaria conservados no país galo, tanto na Biblioteca Nacional de Francia como no Museo Condé do Castelo de Chantilly. O estudo comparativo con estes exemplares de seguro que deparará información complementaria para o mellor coñecemento das distintas coleccións de vestiario renacentista e para resolver dúbidas de distinta natureza que persisten no exemplar galego. Nun dos manuscritos da BNF, con figuras estilizadas e con filacterios nos que aparece o lugar de pertenza e incluso a súa condición social⁷⁹, a pesar da existencia dunha indubidable relación, pódense apreciar, non obstante, bastantes diferenzas na concepción xeral das figuras e das indumentarias recollidas en comparación co exemplar do MDPS.

Polo contrario, o outro dos manuscritos custodiado tamén na BNF⁸⁰ amosa unha abraiante similitude co noso exemplar, coincidindo ademais as localidades de mulleres representadas nunha elevada porcentaxe e aprécianse en moitos casos grandes semellanzas na actitude que estas adoptan e mesmo na indumentaria de figuras coincidentes. Poden variar as cores, a decoración do mandil, que polo xeral no exemplar francés aparece máis traballado, pero en ambos os dous casos obedecen á mesma concepción. Varían tamén os escudos, que non se pintan no exemplar francés, mentres que teñen un fondo en azul cobalto no exemplar galego, sobre o que se escriben en letras de ouro. Do mesmo xeito, no primeiro exemplar as "peñas" sobre as que repousan as figuras, a pesar da gran semellanza que mostran, son máis esquematizadas e menos naturalistas que no códice do MDPS onde é frecuente atopar a representación dunha sutil vexetación herbácea naturalista complementaria.

⁷⁸ BRIESEMEISTER, D. Sobre indios... Op. cit., páxs. 12-13.

⁷⁹ Aparece en algún caso no filacterio a condición de viúva: "FEME:BAIONE:VEVEVE" ou de moza: "FILLE:DE:BAIONE".

⁸⁰ Este códice aparece citado en distintos estudos sobre indumentaria do século XVI. Desígnase como referencia feita por Carmen Bernis en *Indumentaria española...* Op. cit., pág. 59 ao que se refire co título: *Dessins français du XVI siècle représentant des costumes de femmes* (Ob.23 da BNF) e que considera como suposta copia dun orixinal italiano. Tamén Matilda Ruth Anderson en *Hispanic costume 1480-1530*, New York, 1979, páxs. 185, 187, etc., citou como *Dessins français du XVIe siècle*. Álbum Ob.23 da BNF.

É indubidable a relación entre ambos e tal vez un copie o outro ou os dous respondan a exemplares "duplicados" a pesar das diferenzas que se poden apreciar, técnicas, estilísticas e na relación de personaxes seleccionados. Un estudo comparativo debería resolver estas e outras dúbidas.

Tamén o exemplar conservado na biblioteca do Museo Condé, en Chantilly, cunha colección de indumentaria feminina de distintos países, mostra fortes semellanzas co código do MDPS.

Hai outro exemplar citado xa en 1962 por Carmen Bernis e que se coñece baixo a denominación de Código Madrazo-Daza, que estaba por aquel entón nunha colección particular en Madrid⁸¹, e que a autora data en torno a 1540. Polas imaxes coñecidas aparecen representacións individuais e tamén en grupo, vistas de fronte, de perfil e de costas en actitude dialogante⁸².

Estes álbums realizados a man, copiando a bo seguro do natural, aínda que concluídos posiblemente en gabinete, servirían en moitos casos de modelo ou fonte de inspiración para ilustrar mapas ou mesmo para elaborar outros repertorios con estampas que logo se imprimirían aproveitando o pulo da prensa que posibilitaría a rápida multiplicación das coleccións de figuríns.

A produción manuscrita, aínda que se chegase a realizar varias copias de cada colección, tería unha difusión moi reducida e selectiva. Serían pois os exemplares impresos os que acadarían a "democratización" deste tipo de literatura. Ao respecto resulta de interese o estudo xa clásico realizado por Jacqueline Tuffal sobre as publicacións que recollen traxes. Chega a documentar máis de 200 coleccións distintas de indumentaria circulando por Europa entre 1520 e 1610, cun repunte importante a partir de 1550, salientando pola cantidade as impresas en París e Venecia. Subliña tamén o feito de que antes de 1540 xa se publicaran máis de 40⁸³.

⁸¹ Sobre o Código Madrazo-Daza cf. BERNIS, C. *Indumentaria española... Op. cit.*, páxs. 66-67, Lám. 28, figs. 137-140, e páxs. 71-72, Lám. 43, fig. 222, e Lám. 47, figs. 223-226. Sobre el di: "Código Madrazo-Daza, propiedad particular, Madrid. Este código es un documento inédito de excepcional importancia para la historia del traje. La reproducción (das figuras que inserta na súa publicación) se hace por gentileza de las señoras Daza de Campos, herederas de los excelentísimos señores don Mario Daza de Campos y doña Teresa Pérez de Madrazo, anteriores propietarios del código".

⁸² Algunha das representacións fan lembrar o código de Weiditz. Hai representacións tanto persoas en grupo (mulleres de Astorga, Mulleres de Navarra, Burgueses, en Galicia...), como de xeito individual (portugués, vizcaína...).

⁸³ TUFFAL, J. *Les recueils de costumes gravés au XVI siècle. Actes du congrès international d'histoire du costume*, (Venecia, 1952), Venecia, 1953.

Para diversos investigadores da indumentaria renacentista, estas recompilacións de figuríns con vestimentas estarían destinados a transmitir a moda entre os produtores de téxtiles e á súa clientela. Este feito, unido a unha carencia de criterios metodolóxicos e científicos e a unha escasa capacidade artística, fai que se decanten por considerar estes repertorios de indumentaria como un claro precedente da prensa da moda, cun escaso ou nulo valor documental para a historia da indumentaria⁸⁴.

Faremos referencia simplemente a aquelas obras máis significativas impresas no século XVI, non sen indicar que resulta curioso comparar os debuxos incluídos nas distintas edicións e incluso nas coleccións elaboradas por diferentes autores. Salta á vista a facilidade de apropiación de deseños que se experimenta ata o punto de que a veces resulta difícil xulgar se un se atopa ante unha obra orixinal ou se copia sen recato outra anterior.

A publicación do parmesano Enea Vico (1523-1567), *Diversarum gentium nostrae aetatis habitus* é unha das obras impresas máis temperás, e sen dúbida das máis destacadas. Conta con 98 estampas realizadas a partir de pranchas metálicas gravadas a burel. Impresa en 1556 en Venecia, sería obxecto de diversas reimpresións cun número lixeiramente variable de láminas e serviría de modelo para outras coleccións posteriores. Contén unha importante cantidade de traxes españois⁸⁵.

Nese mesmo ano aparecerían publicados en Basilea os comentarios da viaxe que, en misión diplomática, fixo a Moscova en 1517 e 1526 o Barón Sigismund von Herberstein (1486-1566) ao servizo dos emperadores Maximiliano I e Fernando I. A súa obra, titulada *Rerum moscoviticarum commentarii*, é un importante tratado que contribuíría a espallar a cultura rusa en Occidente e, aínda que non é un tratado específico sobre indumentaria, conta cun interesante repertorio de gravados de personaxes da época coas vestimentas características.

⁸⁴ MENTGES, G. Pour une approche renouvelée des recueils de costumes de la Renaissance. Une cartographie vestimentaire de l'espace et du temps. *Apparence(s)*, n° 1, 2007, pág. 3. A autora, que ve necesario afrontarse ao estudo destes materiais desde outro punto de vista renovado, destaca neste breve estudo, distintos valores sociais e culturais que se poden extraer da análise deste importante material.

⁸⁵ Vico, en canto debuxante, destacaría sobre todo polos seus gravados de antigüidades romanas, elaborando repertorios de retratos de emperadores romanos. Cf. *Omnia Caesarum verissimae imagines ex antiquis numismatis desumptae*. Parma, 1553. *Augustorum imagines aereis formis expressae*, Venecia, 1558, etc.

Outra das recompilacións de traxes que acadaría unha gran repercusión sería a elaborada por François Deserps, *Recueil de la diversité des habits que sont de présent en usage tant en pays d'Europe, Asie, Afrique et illes sauvages, le tout fait après la nature*, aparecida en París, 1562. A primeira edición sería publicada por Richard Breton, pero foi obxecto igualmente de varias reedicións e reimpresións, entre elas a titulada *Omnium fere gentium nostrae aetatis nationum habitus & effigies*, editada en Anvers en 1572 por Ioanni Bellero.

Ferdinando Bertelli (activo en Venecia entre 1561 e 1572) sacaría á luz en 1563 a obra: *Omnium fere gentium nostrae aetatis habitus, nunquam ante ac aediti*, na que inclúe 60 gravados a cobre con vestimentas europeas e incluso do norte de África. Unha parte importante corresponde a mulleres e homes españois aínda que non sempre se especifica un territorio máis preciso, ademais de que algunhas das estampas non aparecen identificadas, razón pola que se ven sostendo que esta obra estíria inacabada.

Aínda que non se trata dunha obra monográfica sobre indumentaria, Nicolay (1517-1583), xeógrafo e diplomático ao servizo do reino francés, recolle unha suxestiva colección de vestiario masculino e feminino como consecuencia da viaxe que efectúa en 1551 a Turquía para entrevistarse con Solimán o Magnífico. A súa obra *Quatre premiers livres des navigations et pérégrinations orientales, avec les figures et les habillements, au naturel, tant des homes que de femmes*, publicada en Lyon en 1568 ofrece unha curiosa colección de retratos de corpo enteiro nese ambiente otomán e que serían reproducidos noutras obras de debuxantes posteriores.

En 1577, en Nuremberg, aparece o denominado comunmente "Álbum de Traxes de Weigel" e que leva por título: *Habitus Praecipuorum populorum, tam virorum quam foeminarum singulari arte depicti*, con 219 xilografías abertas por Hans Weigel (1549-1577) sobre os debuxos de Jost Amann (1539-1591).

O flamengo Abraham de Bruyn (1540-1587), sacará á luz, na súa estada en Colonia (entre 1577 e 1580) *Omnium Poene Gentium Imagines*, publicada nesa cidade no ano 1577 e ao ano seguinte, na mesma urbe imprimiría *Imperii ac sacerdotii ornatus: Diversarum item gentium peculiaris vestitus*. De regreso a Anvers verá a luz *Omnium pene Europae, Asiae, Africae atque Americae gentium habitus*, publicada en 1581 na cidade de Holstein.

O poeta francés e amante das antigüidades, Jean-Jacques Boissard (1528-1602) publicará en Malinas en 1581 a súa obra *Habitus Variarum Orbis Gentium* no que recolle un total de 70 figuras iluminadas.

Pietro Bertelli, editor calcográfico e tipógrafo activo en Padua entre 1580 e 1616, dará comezo en 1589 á realización dos gravados da súa obra *Diversarum nationum habitus*, ano no que edita o primeiro dos tomos con 106 estampas. En 1591 sae da imprenta o segundo con 79 figuras e finalmente en 1596 verá a luz o terceiro con 78 láminas. Serán múltiples as reimpresións nas que non é difícil observar variacións no número de gravados.

Cesare Vecellio (ca. 1521-1601), aparte de escritor, foi pintor e xilógrafo. Á súa formación artística contribuíra o feito da relación familiar directa con Tiziano (Tiziano Vecellio, ca. 1485-1576)³⁶. A súa obra *Degli abiti antichi et moderni di diverse parti del mondo*, Venecia, 1590, con 420 xilografías (507 aparecerán na segunda edición impresa en Venecia en 1598) sería unha das máis exitosas e difundidas de finais do século XVI e con gran repercusión posterior.

Boa chea destas obras será obxecto de múltiples edicións, reedicións ou reimpresións con maior ou menor fidelidade ao orixinal, pero o que si se pode observar é o feito de que os modelos circulaban fluidamente e con frecuencia apropiábanse da súa autoría debuxantes e gravadores posteriores. Tampouco é estraño apreciar como, á unha mesma ilustración, se lles atribúe unha localización diferente da que lle outorgou o debuxante que a realizou e que primeiro a deu a coñecer.

Esta moda de publicacións impresas de indumentaria seguirá dun xeito bastante máis moderado ao longo da primeira metade do século XVII³⁷, pero pasará case desapercibida na segunda metade en que se reducirá a ilustracións dalgún libro de viaxes, estampas para ilustrar almanaxes, etc., para experimentar unha espectacular remontada a partir de mediados do XVIII³⁸.

SOBRE A VESTIMENTA NO SÉCULO XVI

Para o estudo da indumentaria antiga, e ante a falta xeneralizada de restos materiais orixinais, os investigadores teñen que valerse na maioría dos casos doutro tipo de fontes sobre todo artísticas e literarias. A vulnerabilidade que presentan os

³⁶ Sobre a obra de Vecellio resultar de interese consultar: *Il vestito e la sua immagine. Atti del convegno in omaggio a Cesare Vecellio nel quarto centenario della morte*, Belluno, 20-22 settembre 2001, (Belluno, 2002).

³⁷ Poderíanse citar autores como Jacques Callot, Abraham Bosse, Isaac Briot ou Jean de Saint Ignace entre outros.

³⁸ Cf. por exemplo ROCHE, D. *La culture des apparences. Une histoire du vêtement (XVII^e-XVIII^e siècles)*. Paris, 2007, páx. 21 ss.

tecidos, aliada co paso do tempo, provocou que desaparecese a case totalidade das evidencias directas dos períodos máis arredados. Os liños, os algodóns, as lãs, as sedas..., os panos con eles tecidos, os labores de bordado, os encaixes, etc., así como os coiros, as peles e mesmo as propias cores e texturas das teas en época medieval e renacentista son coñecidos principalmente a través de pintura, do debuxo, do gravado da escultura e de descrições literarias da época. Soamente unha moi reducida proporción permite ser coñecida mediante o estudo directo de restos conservados. Doutra banda non se pode esquecer que as evidencias chegadas ata hoxe non deixan de seren o resultado dun proceso selectivo de conservación que case imposibilitaría a pervivenza de prendas de cotío usados polas clases baixas, mentres que faría máis factible a permanencia de indumentaria da aristocracia e dos estamentos máis privilexiados, así como de vestimentas cerimoniais, nomeadamente relixiosas.

É preciso salientar o valor simbólico da indumentaria como unha constante que se pode percibir desde o principio da humanidade. Aparte da función primaria de cubrir e protexer o corpo das inclemencias do tempo e do medio, son moitos os valores de pertenza, identidade, condición ou prestixio social, etc., que representa o vestido ata o punto de supoñer unha fonte de coñecemento importante para o estudo e a evolución do pensamento universal. As formas e as cores¹⁰ están ateigados dunha información que non sempre é posible descodificar con facilidade, pero que moitas veces está detrás dunha ancestral necesidade de marcar o dimorfismo sexual, da identificación grupal, do estatus social, etc.

Isidoro de Sevilla nas súas *Etimologías* dedica unha parte do seu libro XIX ao estudo do vestido. Referíndose á indumentaria indica: *Recoñécense aos pobos tanto pola súa maneira de vestir como pola diferenza dos seus idiomas*, atribuíndolle unha gran importancia á vestimenta que, en boa medida, obedece a unhas normas pautadas de xeito consuetudinario.

A diversidade na indumentaria sería vista polos antigos como unha consecuencia máis da diversidade da creación divina que axudaría a diferenciarnos, a identificarnos e a recoñecernos, de xeito similar ao que pasaría coa lingua, cos

¹⁰ Sobre as cores no vestiario hai que salientar a mellora nas técnicas de tintado experimentadas a finais da Idade Media con novos e brillantes tons que outorgaban unhas calidades extraordinarias aos tecidos e que se fixeron propios dos estamentos máis elevados da sociedade, en contraste cos tons terrosos e parduzcos que presentaban polo xeral os vestidos da xente do común, en perfecta harmonía co pouco coidado da elaboración das teas coas que facían as súas roupas e mesmo coas confeccións por veces bastantes desleixadas. Cf. MARTÍNEZ, M. La creación... *Op. cit.*, páx. 357.

costumes, coas tradicións ou con resgos étnicos e raciais. Por ese motivo non han de estrañarnos as duras críticas das xerarquías civís e relixiosas ás prácticas no vestir consideradas transgresoras ou esaxeradas.

Na Europa medieval apréciase unha certa uniformización da indumentaria, comparable, non obstante, co que sucede noutros ámbitos da cultura. A finais deste período asistimos a unha simbiose entre as modas xurdidas en ambientes cortesáns de Flandres, Borgoña e Italia¹¹ e os gustos achegados pola indumentaria mourisca que terá na península Ibérica un reflexo máis patente que noutras rexións do continente. Afectarían estes últimos de maneira particular á proliferación de tocados, ao tipo de calzado que se utiliza e tamén ao tratamento e enriquecemento nos deseños e no material co que se elaboran os tecidos que chegarían a se converteren en verdadeiros produtos de luxo e obxecto de investimento seguro para as clases máis acaudaladas. Radicaría aquí a maior diferenza que no século XVI se pode chegar a establecer dun xeito xeral co resto da indumentaria europea da época, sobre todo no que respecta á feminina.

No período en que hai que supoñer que foi realizado o códice do MDPS, a elaboración e o uso da indumentaria tiña acadado en España un nivel de luxo e de todo tipo de excesos patentes entre os membros da nobreza e da burguesía que non dubidaban en imitar e mesmo competir coa propia realza. Este luxo era tamén obxecto de imitación, ao seu xeito e maneira, e para a indumentaria festiva sobre todo, polos demais estamentos da sociedade: cabaleiros, burgueses, artesáns, labregos e demais xentes do común.

Como xa se adiantou, determinados xeitos de vestir provocarían as críticas das autoridades eclesiásticas que o comparaban coa falta dunha moral cristiá, e tamén do poder civil, o que suporía a elaboración dunha chea de normas restritivas paro o uso de determinadas prendas e complementos refinados, intentando eliminar a ostentación no emprego de ouro, prata, sedas, perlas, brocados, etc., así como certos tipos de roupas ou complementos por consideralos impropios de determinados estamentos sociais. Coñecidas xenericamente como leis suntuarias ou leis contra o luxo, proliferan por Europa a partir do século XIII e pretenden, entre os seus obxectivos, implantar un inmovilismo que asegurase a orde social establecida, a través de imposicións contrarias mesmo á iniciativa do individuo.

¹¹ Luis de Pedrosa nos seus *Comentarios* fala de "picados a la flamenca", "cortados a la alemana", "faldas a la francesa o a la flamenca", "cofias a la portuguesa", etc., diversidades todas elas que conflúen na indumentaria española do XVI. (Apud BOUCHER, F. *Historia del traje en occidente desde la antigüedad hasta nuestros días*, Barcelona, 1967, páx. 186).

Estas normativas, tanto municipais como estatais, foron dirixidas a todos os sectores, desde os máis altos aos máis baixos, aínda que o resultado do seu acatamento parece que non sempre foi moi efectivo⁹¹.

Pero o luxo apreciado a veces en demasía na indumentaria das clases máis poderosas contrastaba coa humildade patente nas vestimentas das persoas máis modestas que constituían por outra parte a maioría da poboación. As modas cortesás, que miraban máis cara a forma, raramente tiñan un reflexo no tradicional estilo de vestir propio do rural ou dos habitantes menos acomodados dos estamentos máis baixos das vilas ou das cidades, que valoraban máis, pola contra, a comodidade e a funcionalidade. Nos traxes de gala destas xentes existía o desexo de imitar aos máis privilexiados aínda que certas normas, apoiadas unhas no costume e outras en disposicións legais, chapodaban calquera intento dunha iniciativa innovadora ou transgresora, habendo así un apego maior ás formas tradicionais, autóctonas e arcaicas⁹².

A análise das xoias coas que aparecen enfeitadas as mulleres representadas no códice do MDPS pode chegar a insinuar esa intención de imitar ás ricas mulleres nobres ou da alta burguesía para as que o seu lucimiento supuña, ademais dun signo de distinción ou de ostentación de poder e riqueza, unha ansia de investir e enriquecer o patrimonio familiar con garantías, á marxe das fluctuacións que a moeda puidese experimentar. As xoias que aparecen representadas son escasas e moi modestas e en pouco se asemeñan ás que portan mulleres distinguidas da época. As máis frecuentes (10 casos en total) son os adornos de pescozo consistentes en finas cadeas de ouro con ou sen medalla que en ocasións aparecen por pares, seguidas dos adornos de orella (7 casos en total) e por último as pulseiras (dous casos) que nalgúnha ocasión aparecen por duplicado en cadanseu antebrazo. (Vid. Cadro I).

A abundante presenza de escotes cadrados, os tipos de mangas abertas, borrachas, perdidas..., a aparición de prendas de tipo "roupa", a escasa presenza de golas, a falta de gorxeiras, as cinturas ben marcadas, etc., parecen insinuar unha datación da indumentaria representada na primeira metade do século XVI. A abundancia de tocados corniformes e doutro tipo, a presenza de chapíns e mesmo

o tipo de saias, gonetes, e rebozos ou pecheiras, así como a ausencia de verdugados internos, etc., parece que reforzarían esa adscripción cronolóxica do códice D-945 do MDPS a época de Carlos V. De todos os xeitos moitos dos criterios tipolóxicos que se utilizan a miúdo para a datación da indumentaria, tanto por presenza como por ausencia, están extraídos sobre todo a partir do estudo da vestimenta cortesá e non da popular que funciona con outros ritmos distintos.

De calquera xeito, non figura entre os obxectivos deste traballo o estudo detido da vestimenta representada nas 28 ilustracións do códice. Unha mera, e xulgamos que suficiente para o caso, descrición foi feita ao tratar do percorrido hipotético do itinerario proposto para o debuxante, que foi elaborado tamén a xeito de inventario das distintas figuras. Un estudo en profundidade deberase acometer por especialistas en indumentaria feminina da época e enriquecelo con paralelos tomados das diversas manifestacións artísticas, literarias e doutras fontes ao uso. Por tal motivo os nosos comentarios vanse reducir a salientar determinados aspectos concretos que consideramos de interese, deténdonos soamente en comentar brevemente dous elementos altamente singulares da indumentaria hispana renacentista, como son o tocado corniforme e os chapíns.

a) O tocado corniforme.

Un dos elementos da indumentaria feminina que pode resultar máis sorprendente é sen dúbida o denominado tocado corniforme. Case o 50 % das mulleres representadas no códice do MDPS cobren a súa cabeza cunha destas características tocas⁹³ (Vid. Cadro I). Documentado ao longo da baixa Idade Media, pervive ata ven entrada a Idade Moderna. Obxecto dun sen número de estudos por parte sobre todo de antropólogos e historiadores preferentemente nos dous últimos séculos, constitúe aínda hoxe materia de estudo para investigadores adscritos a disciplinas diversas.

Son múltiples as fontes conservadas para podermos documentar este curioso adobio feminino, non faltando as fontes escritas procedentes maioritariamente de descrições deixadas por viaxeiros ou cronistas, ás que hai que engadir os documentos producidos por mor das múltiples controversias suscitadas polo uso de

⁹¹ Ao respecto pódese consultar, p.e. BERNIS, C. *Indumentaria española... Op. cit.*, páxs. 12-15.

⁹² MARTÍNEZ, M. La creación de una moda propia en la España de los Reyes Católicos, *Aragón en la Edad Media*, N° 19, 2006, páx. 355.

⁹³ Un total de 13 mulleres, que se corresponden coas figuras N° 1, 2, 5, 8, 9, 12, 14, 18, 19, 20, 22, 24 e 26 levan un tocado claramente corniforme. Non consideramos estritamente corniforme o da fig. N° 4 correspondente a Santiago de Compostela aínda que é moi posible que sexa unha derivación deste.

tal indumentaria⁸⁴. Pero, ademais, existe outra valiosísima fonte constituída pola documentación gráfica, producida dun xeito especial entre o século XV e o XVII, e plasmada tanto en pintura como en debuxos e gravados, dos que existen importantes coleccións que ofrecen unha valiosísima información sobre a maneira de vestir das mulleres vascas e en boa medida da costa cántabra, lucindo en moitos dos casos o famoso tocado corniforme⁸⁵.

Unha parte dos estudos citados máis arriba van encamiñados a dilucidar as conexións históricas deste tipo de tocado con manifestacións de época prerromana na propia península Ibérica, sobre a que fican fontes escritas grecolatinas, citando principalmente a *Geografía* de Strabón⁸⁶. Tamén se veñen comparando con manifestacións escultóricas que, como nos casos sobradamente coñecidos do Cerro de los Santos (Albacete) e en múltiples exvotos bronceos da cultura ibérica, son frecuentes figuras con tocados cónicos ou cando menos afiados e puntiagudos a xeito de mitra. Tampouco faltan as relacións con representacións máis arredadas no tempo e no espazo propias do mundo sumerio e babilónico, o que non debe implicar unha posible relación entre ambas as dúas realidades, posiblemente polixénicas. A atribución dun simbolismo sexual pola morfoloxía itifálica e a súa utilización de xeito case exclusivo entre mulleres casadas, incrementa as especulacións que con frecuencia seguen a ser obxecto de comentarios.

⁸⁴ Xuntamente cos críticas feitas contra este tipo de tocado hai que sumar outros elementos que se consideran amorais, no mellor dos casos, e que suporían unha importante achega á indumentaria feminina española acadada en época dos Reis Católicos, como é o caso do verdugado, do "tranzado" e mesmo do chapín. Ao respecto pódese consultar BERNIS, C., *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos*, Madrid, 1978. A xeito de exemplo esclarecedor pódense ler os substanciais comentarios que na segunda metade do século XV lle dedica frei Hernando de Talavera á condición feminina e á súa indecente maneira de vestir no seu *Tacado provechoso que demuestra como en el vestir e calzar conueniente se cometen muchos pecados, y aun también en el comer y en el beber*, escrita en 1477 aínda que publicada por vez primeira en 1496. Un estudo sobre este tratado pódese consultar en CASTRO, T. de. El tratado sobre el vestir, calzar y comer del arzobispo Hernando de Talavera, *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, t. 14, 2001, 11-92.

⁸⁵ Na relación de obras de indumentaria recollidas no capítulo anterior pódese apreciar unha boa colección de personaxes femininos das rexións máis setentrionais da península Ibérica ataviadas co tocado en forma de cornio.

⁸⁶ "En otros lugares se tocan con un 'tympanion' rodeado por la parte de la nuca y cogido a la cabeza por la parte de las orejas, el cual disminuye poco a poco de altura y anchura. Otras se depilan la parte alta de la cabeza, de modo que resulta más brillante que la frente. Finalmente, otras se ciñen a la cabeza una pequeña columnilla de un pie de altura, alrededor de la cual enrollan sus cabellos, que luego cubren con un manto negro". Strabón, III, 4, 17. Tradución tomada de GARCÍA Y BELLIDO, A. *España y los españoles de hace dos mil años según la "Geografía" de Strabón*, Madrid, 1976, 5ª ed., páxs. 156-158.

O que si está fóra de toda dúbida é o enraizamento do tocado corniforme na sociedade vasco-cantábrica do século XVI, marcado, sen lugar a dúbidas, por unha prolongada tradición de moito tempo.

O feito de que a investigación sobre a indumentaria histórica en xeral e máis concretamente sobre este tipo de tocado fose moi temperá no País Vasco e se adiantase aos estudos sobre o traxe tradicional en calquera outro territorio da península, chegou a provocar unha percepción algo distorsionada ao considerar este tocado como propio e case exclusivo dos territorios vascos, cando, en realidade pódese facer extensivo á área setentrional da península Ibérica pois, baseándonos exclusivamente no códice comentado, ademais de no País Vasco, incluída a parte francesa e Navarra, o tocado corniforme tense documentado desde o centro de Asturias, occidente de León, Palencia, Burgos e A Ríoxa, sobrepassando amplamente a histórica área de influencia cultural vasca.

A singularidade deste complemento non deixa indiferente a ningún estranxeiro que nese período do cambio cara a Idade Moderna se achega aos territorios máis setentrionais da península Ibérica. Como queira que se trata de fontes recollidas abundantemente na bibliografía máis especializada, non cometeremos o erro de as repetir de novo, salientando soamente os comentarios que lle dedican desde Arnol von Harff⁸⁷, ata Lamberto Wyts⁸⁸, nobre orixinario de Malinas que acompaña a Ana de Austria en 1570 para coñecer ao seu marido Filipe II, co que casara meses atrás, pasando por Wenceslao Schaschek de Birkov⁸⁹ cando relata a viaxe do nobre bohemio Leo de Rozmital de Blatna⁹⁰, entre outros moitos que

⁸⁷ Arnol von Harff (1471-1505) é un dos peregrinos de máis sona dos últimos anos do século XV que se achegaría aos tres grandes centros de peregrinación da cristiandade e percorrería grandes distancias por toda Europa e Próximo Oriente. Foron moitos os estudosos que se achegaron -sobre todo despois de que en 1860 se publicase o seu diario en Colonia-, á personalidade deste viaxeiro observador que deixará unha valiosa información desde o punto de vista etnolóxico referida aos territorios polos que viaxa. GROOTE, Eberhard von (Edit.): *Die Pilgerfahrt des Ritters Arnol von Harff von Köln durch Italien, Syrien, Aegypten, Arabien, Aethiopien, Nubien, Palästina, die Türkei, Frankreich und Spanien, wie er sie in den Jahren 1496 bis 1499 vollendet, beschrieben und durch Zeichnungen erläutert hat*, Colonia, 1860. En 2007 aparece unha edición facsimile.

⁸⁸ GARCÍA MERCADAL, J. *Viajes de extranjeros...* Op. cit., t. II, pág. 334-335.

⁸⁹ Da viaxe que realiza Leo de Rozmital coñécese dúas narracións, feita unha por Schaschek, máis oficial dada a súa condición de responsable de protocolo do barón de Rozmital, e a outra de Gabriel Tetzl, máis rica en detalles persoais e máis intimista.

⁹⁰ Sobre a viaxe de Leo de Rozmital pódese consultar, entre a múltiple bibliografía existente ao respecto, GARCÍA MERCADAL, J., *Viajes de extranjeros...* Op. cit., t. I, páxs. 243-285. VÁZQUEZ DE PARGA, L.; J.M. LACARRA; J. URÍA RÍUS. *Las peregrinaciones...* Op. cit., t. I, páxs. 238-240. HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Caminaron...* Op. cit., páxs. 102-133.

se poderían citar. Simplemente indicar que parece de interese unha lectura da crónica escrita por Laurent Vital¹⁰¹ sobre a primeira viaxe realizada en 1517 por Carlos I de España que, procedente de Flandres, desembarca en Villaviciosa o 17 de setembro, permanecendo uns días nesa rexión, visitando tamén outras localidades asturianas ata dirixirse, finalmente, a Valladolid. Nesta crónica, aparte doutras moitas informacións de interese sobre aspectos diversos da sociedade destes territorios norteños, aparecen uns valiosísimos comentarios relativos á utilización do tocado corniforme polas de mulleres de Villaviciosa, Ribadesella e San Vicente de la Barquera¹⁰².

b) Os chapíns.

Outro dos complementos da vestimenta que se recolle nos debuxos de códice do MDPS, aínda que en moito menor número, e que consideramos de interese salientar é o "chapín"¹⁰³ (Vid. Cadro I). Este tipo de calzado constitúe unha singularidade da vestimenta hispánica que incluso se chegara a exportar a outros territorios europeos entre a segunda metade do século XV e o XVI sobre todo. Obxecto igualmente dos máis diversos comentarios, maioritariamente negativos, por parte de reputados clérigos da época¹⁰⁴, foi un tipo de calzado moi utilizado de xeito principal por mulleres casadas para desprazarse fóra da casa. A súa considerable altura protexía os pés e o calzado máis delicado, da auga, do lixo e da lama que debía abundar polos camiños e rúas de vilas e cidades, ao tempo provocaba

¹⁰¹ Laurent Vital, tal e como sinala Gómez Tabanera (El tocado..., Op. cit. páx. 40), aparte de ser home de confianza de don Carlos, é un gran coñecedor da indumentaria pola súa condición de "fourriere", razón pola que non é de estrañar a precisión e detallismo con que se refire ás prendas do vestir que locen principalmente as mulleres asturianas nas cidades e pobos que visitan.

¹⁰² O relato foi publicado en castelán por vez primeira na conmemoración do quinto centenario da morte de Carlos V: VITAL, L., *Relación del primer viaje de Carlos V a España*, Madrid, 1958. Uns interesantes comentarios e un resumo dos textos relativos ao tocado corniforme pódense atopar en GÓMEZ TABANERA, J.M. El tocado..., Op. cit. páxs. 39-82.

¹⁰³ As figuras que aparecen calzando "chapíns" son a 6, 13, 16 e 28, curiosamente non coincide ningunha portando este calzado e lucindo o tocado corniforme. Hai que salientar ademais que, agás o caso da Fig. 13, que corresponde a unha romceira, as restantes responden a mulleres de Pamplona.

¹⁰⁴ Parece de interese citar novamente o tratado de frei Hernando de Talavera. Cf. Nota 94, ou as tamén curiosas dedicatorias feitas cun século despois por frei Tomás de Trujillo na súa obra titulada *Libro llamado reprobación de trajes y abusos de juramentos*, Estella, 1563 (Apud ANDERSON, R.M. El chapín y otros zapatos afines. *Cuadernos de la Alhambra*, t. V, 1969, páxs. 28-29).

un alongamento das saias e demais prendas realizando artificialmente a silueta feminina situando á muller calzada con chapíns nunha situación superior á dos seus acompañantes¹⁰⁵.

Tamén neste caso os estudos sobre os chapíns se sucederon desde época bastante temperá, chamando pronto a atención a moitos investigadores que lle dedicaron estudos e comentarios¹⁰⁶. Se ben son escasos os exemplares conservados na actualidade, son pola contra moi frecuentes as representacións, sobre todo de mulleres, portando este curioso calzado na pintura, no gravado, no debuxo a partir do século XV. Nos repertorios de indumentaria que recollen mostras da vestimenta tradicional peninsular no século XVI, aos que nos temos referido máis arriba, abundan tamén tales representacións. Pero igualmente na literatura da época e na documentación sobre costumes dos territorios hispanos dese mesmo momento proliferan as referencias acerca dos chapíns que parecen poderse documentar por todas partes.

Trátase dun calzado alto, a veces incluso esaxeradamente alto, construído a partir de varias pezas de cortiza sobrepostas, no que non se resaltaba nin puniceira nin talón, e se aseguraba ao pé mediante lingüetas e cordóns. Recibía polo xeral abundante, rica e colorista decoración tanto na ampla superficie lateral como nas propias pezas de suxeición que se realizaría a base de veludo, seda, láminas metálicas, cordobán, perolas, pedras preciosas ou semipreciosas, etc. Usábanse sempre encima doutro calzado máis delicado tal como borceguíns, botíns ou incluso escarpíns e sempre fóra da casa. Orixinariamente parece que eran de uso exclusivo de mulleres principais se ben, co paso do tempo, íriase ampliando a súa utilización por outros estamentos menos acomodados.

Compartían os chapíns certas características con outros calzados que tamén tiñan sola de cortiza tal como os "alcorques", os "zocos", etc. cos que frecuentemente había unha certa confusión terminolóxica se ben parece que soamente os chapíns se poden considerar como obxectos de luxo.

Son famosas as producións levantinas, nomeadamente as valencianas, parte da que se dedicaba á exportación a Italia. En Murcia aparece documentado o

¹⁰⁵ Tal circunstancia queda claramente reflectida na lámina de Weiditz titulada "Así van as mulleres ricas en Barcelona ou no reino de Cataluña".

¹⁰⁶ Ao respecto cf. DAVILA, F. Los chapines en España. BRAH., t. XII, 1888, páxs. 330-342. BERNIS MADRAZO, C. Indumentaria española... Op. cit. ANDERSON, R.M. El chapín... Op. cit. Ídem, *Hispanic Costume*... Op. cit. espec. Páxs. 229-234.

oficio de "chapineiro" especificamente separado do de zapateiro, no ano 1459⁹⁷. Pola súa banda, Carmen Bernis menciona un documento de 1382 que fai referencia a este tipo de calzado⁹⁸, aínda que o seu uso parece poderse confirmar xa no século XIII⁹⁹.

A fin deste singular calzado, que con importantes variantes reaparecerá en distintas épocas, virá de Francia cando, a principios do século XVIII, se introducen os *tacóns vermellos de Versailles* cos que os chapíns non puideron competir ao seren amplamente aceptados pola nobreza e pola aristocracia, ao igual que outras modas procedentes de Francia¹⁰⁰.

COLOFÓN

O Camiño de Santiago serve de unión de cada unha das figuras do conxunto de imaxes de mulleres coa indumentaria tradicional que contén este pequeno manuscrito custodiado no MDPS, ata o punto de poder sospeitar que con bastante seguridade que o seu artífice realizara unha viaxe-peregrinación desde algún lugar de Francia ata Compostela. Pero os valores culturais que agocha este ben cultural van moito máis aló desta idea inicial. Contén o libríño importante información sobre a indumentaria renacentista do norte da península Ibérica que, aínda que non deixa de ser a mellor coñecida nese período dos distintos territorios hispanos, proporciona ao mesmo tempo outros datos de grande interese debido á escasa presenza deste tipo de documentos orixinais entre os fondos das institucións públicas.

A intención de facilitar a súa difusión, como función básica encomendada á institución museística, leva á presentación deste estudo que debe ser visto, como se indica no seu título, como unhas notas ou como un avance que deberá ser seguido doutras análises máis en profundidade onde se atallen outros aspectos susceptibles de seren tratados e onde non debe faltar un estudo comparativo con outra información de diversa natureza e temática semellante que contribúa a contextualizar o documento que agora se dá a coñecer e poida propiciar un mellor aproveitamento da información de interese cultural que este pequeno libro contén.

⁹⁷ MARTÍNEZ, M. La creación de una moda... Op. cit., páx. 351.

⁹⁸ BERNIS MADRAZO, C. *Indumentaria española*... Op. cit., páx. 87.

⁹⁹ DAVILA, F. Los chapines... Op. cit., páx. 331.

¹⁰⁰ *Ibidem*, páx. 334.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, R.M. El chapín y otros zapatos afines. *Cuadernos de la Alhambra*, t. V, 1969, 17-41. *Hispanic Costume 1480-1530*. New York, 1979.
- ANGUITA JAÉN, J.M. *Estudio sobre el Liber Sancti Jacobi. La Toponimia Mayor hispana*. Santiago de Compostela, 2000.
- ARIZMENDI AMIEL, M. E. de. *Vascos y Trajes*. Oyarzun, 1976.
- BERNIS MADRAZO, C. *Indumentaria española en época de Carlos V*. Madrid, 1962.
- *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos*. Madrid, 1978.
 - La Dama del Armíño y la moda, *AEspArte*, 1986, 147-170.
 - La moda en la España de Felipe II a través del retrato de la corte. En *Alonso Sánchez Coello y el retrato de la corte de Felipe II* (catálogo de exposición). Madrid, 1990.
- BRIESEMEISTER, D. Sobre indios, moriscos y cristianos 'a su manera'. Testimonios pictóricos den el *Trachtenbuch* de Christoph Weiditz. *Jahrbuch für Geschichte Lateinamerikas (JbLA)*, 43, 2006, 1-24.
- BOUCHER, F. *Historia del traje en occidente desde la antigüedad hasta nuestros días*. Barcelona, 1967.
- CARO BAROJA, J. El tocado antiguo en las mujeres vascas. *Atlantis. Actas y Memorias de la Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria*, t. XV, 1936-1940, 33-71.
- CASTRO, T. de. El tratado sobre el vestir, calzar y comer del arzobispo Hernando de Talavera. *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, t. 14, 2001, 11-92.
- DAVILA, F. Los chapines en España. *BRAH*, t. XII, 1888, 330-342.
- DESERFZ, F. *Recueil de la diversité des habits qui sont au present en usage tant en pays d'Europe, Asie, Afrique, et illes sauvages, le tout fait apres le naturel*. Paris, 1562 in the Huntington Library Art Gallery and Gardens, Huntington California.
- GARCÍA MERCADAL, J. *Viajes de extranjeros por España y Portugal. Desde los tiempos más remotos hasta comienzos del siglo XX* (4 tomos). Salamanca, 1999.
- GARMENDIA GOYETCHE, P. Trajes vascos del siglo XVI. *Revista Internacional de Estudios Vascos*, nº 25, 1934, 274-282, nº 26, 1935, 151-154, nº 27, 1936, 126-133.
- GÓMEZ TABANERA, J.M. El tocado 'comáforme' de las mujeres asturianas. *Bastifisco*, nº 5, 1978, 39-82.
- HERBERS, K.; R. PLÖTZ. *Camínaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al "fin del mundo"*. Santiago de Compostela, 1999.
- LAILING, A. *Voyage de Philippe le Beau en Espagne, en 1501, par Antoine de Lailing*. 1501 Gachaud, Collection des voyages des souverains de Pays-Bas. Brussels, 1871.
- MARTÍNEZ, M. La creación de una moda propia en la España de los Reyes Católicos. *Arzobispo en la Edad Media*, nº 19, 2006, 343-280.

- MENTGES, G. Pour une approche renouvelée des recueils de costume de la Renaissance. Une cartographie vestimentaire de l'espace et du temps. *Apparence(s)*, n° 1, 2007, 1-18.
- NAVAJERO, A. Viaje a España del magnífico señor Andrés Navajero, embajador del la república de Venecia ante el emperador Carlos V. Traducción e estudio preliminar de José María Alonso Gamio. Valencia, 1951.
- ROCHE, D. *La culture des apparences. Une histoire du vêtement (XVIP-XVIII^e siècle)*. Paris, 2007.
- SOUSA CONGOSTO, F. de. *Introducción a la historia de la indumentaria en España*. Madrid, 2007.
- TUFFAL, J. Les recueils de costumes gravés au XVI^e siècle. *Actes du 1er congrès international d'histoire du costume*. (Venecia, 1952), Venecia, 1955.
- TEJEDA FERNÁNDEZ, M. Glosario de términos de la indumentaria regia y cortesana en España. Siglos XVII y XVIII. Madrid, 2006.
- URQUIJO, J. de. Sobre el tocado corniforme de las mujeres vascas (siglo XVI). *Revista Internacional de Estudios Vascos*, t. XIII, 1922, 570-581.
- VÁZQUEZ DE PARGA, I.; J.M. LACARRA, J. URIÁ RÍUS. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*. Madrid, 1949, 3 vol.
- VITAL, L. *Relación del primer viaje de Carlos V a España*. Madrid, 1958.
- WEIDITZ, C. *Das Trachtenbuch des Christoph Weiditz von seinen Reisen nach Spanien (1529)...* *El códice de los trajes*. Edición y estudio de José Luis Casado Soto, Valencia, 2001, 2 vol.

Nº Cole	Tipo	Tocado corniforme	Chaparr	Alfete pasero	Adorno orillo	Adorno pulso
1	PRE ANTIERS DE S' ANOR	X				
2	EN DANIELONE	X				
3	ENTRE S' JACQUES ET S' SALVATORE			X		
4	AS ^e JACQUES					
5	DE AUTRES S' SALVATORE	X		X	X	
6	EN DANIELONE		X	X		
7	ALA ANDRUADE (MOYTADE)	X				
8	AS ^e VINCE	X				
9	LES HEDALQUE DE S' SEBASTIEN	X				
10	S' SALVATORE			X	X	X
11	LES SERVANTS DE VILLAGE HORS DE DANIELONE					
12	A VILLE NEVE LES CARRETTES	X				
13	LA BOMBE		X	X		
14	AS ^e JEAN D'OLYS	X			X	
15	DE EXTRE			X		
16	LES MARCHES DE DANIELONE		X			
17	AV' MONT S'ENOR DE LES NIVE					
18	DE FONTARBI	X				
19	DE LERDUE	X				
20	DE AGLAR	X		X	X	
21	DE AGLAR					
22	ALA GORDONNE	X				
23	LA SERVANTE EN DANIELONE				X	
24	A PONTA BRADIE	X		X	X	
25	AV' OVAR LY DE S' ANOIE			X	X	X
26	A VILLE PERADE	X				
27	A OVAR LY DE S' ANOIE			X		
28	LES SAIGES EN DANIELONE		X			

Código 1.- Presencia de recatos costurados, chaparr e saio nas figuras do códice de MDPS.




Fig. 4 (páx. 7)




Fig. 1 (páx. 1)

Fig. 2 (páx. 3)

Fig. 3 (páx. 5)




Fig. 5 (páx. 9)

Fig. 6 (páx. 11)

Fig. 7 (páx. 13)

Lámina 1




Fig. 8 (páx. 15)

Fig. 9 (páx. 17)

Fig. 10 (páx. 19)

Fig. 11 (páx. 21)

Fig. 12 (páx. 23)




Fig. 13 (páx. 25)

Fig. 14 (páx. 27)

Fig. 15 (páx. 29)

Fig. 16 (páx. 31)

Fig. 17 (páx. 33)

Lámina 2




Lámina 3



Enadernación




Lámina 4